6. A axuda de custo completa non se pagará nos casos de suspensión legal do contrato de tra-

llo, salvo nos casos de incapacidade temporal, nos que a empresa manteña o despazamento.

7. A contía das axudas de custo para a vixencia do presente Convenio, será a seguinte:

	2007	2008	2009
Axuda de custo completa	30,00 €	32,00 €	35,00 €
Media axuda de custo	9,00 €	9,25 €	9,50 €

Se por circunstancias especiais os gastos orixina-dos superasen o importe das dietas, o exceso deberá ser pagado pola empresa, previo coñecemento da mesma e posterior xustificación do traballador.

ARTIGO 29º.—HORAS EXTRAORDINARIAS

1. As horas extraordinarias en todo caso, pola súa natureza serán voluntarias de acordo coas disposicións vixentes excepto as que teñan a súa causa na forza maior.
2. Consideraranse horas extraordinarias estrutu-rais as motivadas por pedidos ou puntas de producción, ausencias imprevistas, cambio de quenda e perda ou deterioro da producción ou por calquera circunstancia de carácter estruc-tural que altere o proceso normal da producción.
3. O número de horas extraordinarias que realice cada traballador, salvo nos supostos de forza maior non excederá de oitenta ó ano.

ARTIGO 30º.—RETRIBUCIÓN DAS HORAS EXTRAORDINARIAS

1. A retribución das horas extraordinarias deter-minarase seguindo os seguintes criterios:
 - a) As realizadas en día laborábel sufrirán un incremento do 75 por cento sobre o valor da hora ordinaria.
 - b) As realizadas en día non laborábel sufrirán un incremento do 100 por cento sobre o valor da hora ordinaria.

O valor da hora ordinaria (VHO), calcularase de acordo coa seguinte formula

$$\text{VHO} = \frac{(\text{Sb} + \text{Ac} + \text{Cp}) \times 14 + \text{Cs}}{\text{Xornada anual}}$$

Sb = Salario base

Ac = Antigüidade consolidada

Cp = Complemento de posto

Cs = Complementos salariais anuais

2. Sempre e cando non se perturbe o normal proce-ssو produtivo, poderase optar entre aboa-las horas extraordinarias, conforme ó previsto no apartado 1 deste artigo, ou compensalas con tempo de descanso retribuído. Se se exerce esta última opción, por cada hora extraordinaria re-alizada nun día laborable haberá que compen-sar ó traballador con 1 hora e 45 minutos de descanso retribuído; se a hora extraordinaria se realiza en día non laborable, a compensación regulamentaria será de 2 horas.

3. No caso de que o traballador teña horas de descanso acumuladas, o goce do mesmo será sempre pactado entre o empresario e o traballador.
4. No suposto de que se realizara a opción do apartado 2, as horas extraordinarias compensadas non se computarán ós efectos dos límites fixados para as mesmas no apartado 2º do artigo 60 do Convenio Xeral.
5. Non obstante o disposto anteriormente e durante a vixencia do presente convenio, o valor da hora extra ordinaria para días laborábeis, será a reflectida na táboa adxunta no anexo I. Por conseguinte, a fórmula fixada no apartado 1. b) do presente artigo, non será de aplicación.

ARTIGO 31º.—INDEMNIZACIÓNES

1. Establécense as seguintes indemnizacións para tódolos traballadores afectados por este Convenio:
 - a) No caso de morte derivada de enfermidade común ou accidente non laboral, o importe dunha mensualidade de tódolos conceptos das táboas do Convenio, vixente en cada momento.
 - b) No caso de morte, incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez, derivadas de accidente de traballo ou enfermidade profesional:

Ano 2007	43.000 €.
Ano 2008	44.000 €.
Ano 2009	45.000 €.
- c) No caso de incapacidade permanente total, derivada de accidente de traballo ou enfermidade profesional:

Ano 2007	25.000 €.
Ano 2008	25.000 €.
Ano 2009	26.000 €.
2. Salvo designación expresa de beneficiarios polo asegurado, a indemnización farase efectiva ó traballador accidentado ou, en caso de finamento, ós herdeiros legais do traballador.
3. As indemnizacións previstas nos apartados b) e c) deste artigo consideradas a conta de calquera outras cantidades que puideran ser recoñecidas como consecuencia de responsabilidades civís sempre que non deriven de cadeas penais esixidas ou impostas ó empresario, debendo deducirse destas en todo caso, habida conta da natureza civil que teñen as mesmas e ambas partes lle reconñecen. Tampouco ditas indemnizacións poderán servir como base para a imposición do recargo de prestacións por falta de medidas de seguridade e saúde no traballo.
4. Ós efectos de acreditar o dereito ás indemnizacións aquí pactadas considerarase como data o feito causante aquela na que se produce o accidente de traballo ou a causa determinante da enfermidade profesional.

ARTIGO 32º.—COMPLEMENTO DE PRESTACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL

1. As empresas complementarán a prestación económica por incapacidade temporal (IT) ata o 100% da base de cotización do traballador nos seguintes casos e durante o tempo que se indica para cada un.
 - a) I.T. derivada de accidente laboral ou enfermidade profesional: Dende o primeiro día e ata a alta médica.
 - b) I.T. derivada de accidente non laboral ou enfermidade común: Nos casos que sexa necesaria hospitalización, dende o primeiro día e durante os 90 días seguintes, sempre que continúe a situación de Incapacidade Temporal.
2. Nos casos de contratos de fin de obra ou servizo, sen data de finalización determinada ou que non tivera rematada a obra ou obras nas que no momento de producirse a IT derivada de accidente laboral, estivese prestando os seus servicios o traballador, se a este lle fose rescindido o seu contrato durante a situación de IT, a empresa complementará ata o 100% da base de cotización, ata a data da alta médica, cun máximo de dous meses dende a finalización do contrato.

CAPÍTULO VI TEMPO DE TRABALLO

ARTIGO 33º.—XORNADA

1. A xornada ordinaria anual durante o período de vixencia do presente Convenio será de:

Ano 2007:	1.744 horas.
Ano 2008:	1.744 horas.
Ano 2009:	1.736 horas.

 O calendario laboral para o presente ano 2007 será o reflectido no anexo nº III.
2. A xornada ordinaria semanal será de 40 horas de luns a venres durante toda a vixencia do presente convenio.
3. Os traballadores teñen dereito a un paro de 15 minutos durante a mañá para toma-lo bocadillo segundo as necesidades do servizo.
4. Tendo en conta as condicións climatolóxicas e as necesidades das distintas actividades do sector, poderíase pactar nas empresas, a distribución variábel da xornada máxima anual, sen que en ningún caso se poidan supera-las nove horas diarias, nin as corenta horas semanais de traballo efectivo.
5. Opcionalmente por acordo, entre empresa e os representantes dos traballadores, poderá pactarse unha xornada intensiva no verán.
6. Para adaptala xornada ás 1.744 horas acordadas para o ano 2.007, os días: 30 de abril; 17 e 18 de maio; 16 e 17 de agosto; 31 de outubro; 2 de novembro e 7, 24 e 31 de decembro, terán a consideración de festivos e retribuídos a todos os efectos.

Ademais dos días sinalados anteriormente, nos seguintes concellos por coincidi-lo festivo local con día non laborable, fíxanse os seguintes festivos:

- 20 de agosto: Arbo, Caldas de Reis, Gondomar, Mondariz, Vilagarcía de Arousa, Vigo, Tomiño e Cuntis.
- 5 de novembro: Covelo
- 7. En cada centro de traballo a empresa exportará nun lugar visíbel o calendario laboral pactado a nivel de Convenio ou o pactado no propio centro de traballo.

ARTIGO 34º.—PROLONGACIÓN DA XORNADA

O traballo dos operarios con funcións de manteemento e reparación de instalacións ou maquinaria, necesarias para a reinicio ou continuidade do proceso produtivo, así como do persoal que poña en marcha ou peche o traballo dos demais, poderá prolongarse polo tempo necesario, sen que o exceso sobre a xornada ordinaria se compute como horas extraordinarias debendo aboarse como mínimo, a prorrata do valor da hora extraordinaria do traballo.

ARTIGO 35º.—VACACIONES

1. O persoal afectado polo presente Convenio, sexa cal fora a súa modalidade de contratación laboral, terá dereito ó goce dun período de vacacións retribuídas de trinta días naturais de duración, dos cales, como mínimo 21 días serán laborábeis, iniciándose, en calquera caso, o seu goce en día laborábel que non sexa venres.
2. As vacacións gozaránse por anos naturais. O primeiro ano de prestación de servizos na empresa só se terá dereito ó goce da parte proporcional correspondente ó tempo realmente traballado durante dito ano.
3. O dereito a vacacións non é susceptíbel de compensación económica. Sen embargo, o persoal que non continúe durante o transcurso do ano, terá dereito ó abono do salario correspondente á parte de vacacións que lle corresponden e non gozadas, como concepto integrante da liquidação pola súa baixa na empresa, aínda que as vacacións devengadas, en parte correspondan ó ano natural anterior.
4. A efectos do dereito de vacacións, considerárase como tempo efectivamente traballado o correspondente á situación de incapacidade laboral transitoria, sexa cal fora a causa. Sen embargo, dado que o dereito ó goce de vacacións caduca co transcurso do ano natural, perderase o mesmo se ó vencemento deste o traballador continuase de baixa, aínda que manterá o dereito a percibi-la deferencia entre a retribución de vacacións e a prestación de Incapacidade Temporal (IT).
5. Cando o período de vacacións fixado no calendario de vacacións da empresa coincide no tempo cunha IT derivada do embarazo, o parto ou a lactancia natural ou co período de suspensión do contrato de traballo previsto no artigo 48.4 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, terase dereito a goza-las vaca-

cións na data distinta á da IT ou á do goce do permiso que por aplicación de dito precepto lle corresponda, ó finalizar o período de suspensión, aínda que teña terminado o ano natural a que correspondan.

6. Unha vez iniciado o goce do período regulamentario de vacacións, se sobrevén a situación de incapacidade temporal, a duración da mesma computarase como días de vacacións sen prexuízo do dereito do traballador a percibi-la deferencia entre a retribución correspondente a vacacións e a prestación de IT. 14 Se a IT se producira despois de pactada a data do inicio para o goce individual das vacacións e antes de chegar dita data, o traballador manteñerá o dereito a gozar das vacacións ata o transcurso do ano natural acordándose un novo período de goce despois de producirse a alta da IT. O parágrafo anterior non será de aplicación nos supostos de vacacións colectivas de todo un centro de traballo.
7. O goce das vacacións, como norma xeral e salvo pacto en contrario, terá carácter ininterrompido. No caso de pacto en contrario, se poderán distribuir en períodos de ó amenos 10 días laborábeis.
8. A retribución das vacacións consistirá nunha mensualidade de: salario base, complemento de posto e antigüidade consolidada se fose o caso.

ARTIGO 36º.—PERMISOS E LICENCIAS

O traballador previo aviso de ó menos corenta e oito horas, salvo acreditada urxencia, e xustificación posterior, encontrase facultado para ausentarse do traballo, mantendo o dereito á percepción de todos aqueles conceptos retributivos que non estean vinculados de forma expresa á prestación efectiva laboral, por algúns dos motivos e polo tempo seguinte:

1. Quince días naturais en caso de matrimonio.
2. Cinco días naturais por nacemento ou adopción dun fillo. No caso de complicación no parto (cesárea): 8 días.

No suposto de nacemento ou adopción de máis dun fillo: a licenza será ampliada en 3 días máis. No caso de traballadores non comunitarios ou comunitarios de países non fronteirizos con España o permiso, sempre que acrediten efectivamente a realización do desprazamento ó seu país de orixe, poderase ampliar ata oito días co consentimento da empresa, pero sendo exclusivamente retribuídos os cinco días sinalados.

3. Cinco días naturais por falecemento do cónxuge.
4. Tres días naturais por falecemento de fillos, pais ou avós dun ou outro cónxuge.

No caso de traballadores non comunitarios ou comunitarios de países non fronteirizos con España o permiso será, sempre que acrediten efectivamente a realización do desprazamento ó seu país de orixe, de seis días naturais, podéndose ampliar ata oito días co consentimento da empresa, pero sendo exclusivamente retribuídos os cinco días sinalados.

5. Un día por matrimonio de fillos.
6. Dous días naturais por falecemento de netos ou irmáns dun ou doutro cónxuxe. Nestes casos e nos do apartados 4 e 5, cando o traballador precise facer un desprazamento ó efecto, o prazo podería ampliarse a 5 días.
7. Tres días naturais, por enfermidade grave do cónxuxe e parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.
8. Dous días por traslado do domicilio habitual.
9. Polo tempo necesario para concorrer a exames, como consecuencia dos estudos que estea realizando en centros de ensino, universitarios ou de formación profesional de carácter público ou privado, recoñecidos.
- 10 Consulta ó médico:
 1. Médico especialista: polo tempo necesario, cun máximo de cinco horas ó día.
 2. Médico de cabeceira: ata un máximo de catro saídas anuais, sen que as ausencias poidan supera-las 18 horas ó ano.
11. Por traslado a centro médico causado por enfermidade do cónxuxe, fillos e pais que convivan co traballador: 8 horas. Se o fillo está en idade escolar: 12 horas. 15
12. Os traballadores afectados polo presente convenio terán dereito a dispor dun día anual non retribuído. Para dispor de dito día deberá ser solicitado por escrito á empresa con ó menos cinco días de antelación. A empresa terá a obliga de conceder dito día calquera que sexa a causa alegada para a súa petición.
13. Se a consulta ó médico especialista, ten como consecuencia, probas médicas que precisen repouso, por prescripción facultativa, o traballador terá dereito a un día de licenza, se así se establece por certificado médico.
14. No caso das licencias por enfermidade grave do cónxuxe e parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, aplicaranse criterios de flexibilidade, a petición do traballador.
15. As licencias dos apartados 2, 3 e 4 do actual convenio, ampliaranse nun día laborábel máis cando no transcurso das mesmas haxa dous ou más días non laborais.
16. Os traballadores, por lactancia dun fillo menor de nove meses, terán dereito, sen perda ningunha de retribución, a unha hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións. A duración do permiso incrementarase proporcionalmente nos casos de parto múltiple. A muller pola súa vontade, e igualmente sen perda de retribución, poderá substituír este dereito por unha redución da súa xornada laboral en media hora diaria coa mesma finalidade ou acumulalo en xornadas completas, conforme ó acordo a que chegue coa empresa. Este permiso poderá ser gozado polo pai en caso de que ambos traballen, sempre que quede acreditado mediante certificación da empresa na que traballe a nai que esta non ten exercitado na mesma este dereito.
17. O traballador que, por razóns de garda legal, teña ós seu coidado directo a algú menor de

oito anos ou a unha persoa con discapacidade física, psíquica ou sensorial que non desenvolva actividade retribuída, terá dereito a unha redución da xornada de traballo., coa diminución proporcional do salario, entre ó menos un octavo e un máximo da metade da duración daquela.

Terá o mesmo dereito quen precise encargarse do coidado directo dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poda valerse por si mesmo, e que desenvolva actividade retribuída.

A redución de xornada contemplada no presente apartado constitúe undereito individual dos traballadores, mulleres e homes. Sen embargo, si dous ou más traballadores da mesma empresa xenaran este dereito polo mesmo suxeito causante, o empresario poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas de funcionamento da empresa.

18. As licencias ás que se refiren os apartados 3 y 7 do presente artigo, aplicaranse cos mesmos efectos naqueles casos nos que aínda non existindo unión matrimonial, se manteña unha relación análoga, sempre que se acredite unha efectiva convivencia de parella.

ARTIGO 37º.—INASISTENCIAS INXUSTIFICADAS

As empresas poderán descontar ós produtores que falten ó traballo sen causa xustificada o importe da cota empresarial á Seguridade Social.

CAPÍTULO VII SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DA RELACIÓN LABORAL

ARTIGO 38º.—FINIQUITOS

1. O recibo finiquito da relación laboral entre empresa e traballador, para que furtar plenos efectos liberatorios, deberá ser conforme ó modelo que figura como anexo IV deste Convenio, e cos requisitos e formalidades establecidos nos números seguintes.
2. Toda comunicación de cesamento ou de previse de cesamento, deberá ir acompañado dunha proposta de finiquito no modelo citado. Cando se utilice como proposta, non será preciso cumplimentala parte que figura despois da data e lugar.
3. O recibo de finiquito será expedido pola Asociación Provincial de Empresarios da Construcción de Pontevedra (APEC), numerado, selado e datado e terá validez únicamente dentro dos quince días naturais seguintes á data na que foi expedido. APEC, virá obrigada a levar rexistro que conteña os dados anteriormente expresados.
4. Unha vez asinado polo traballador, este recibo de finiquito furtará os efectos liberatorios que lle son propios.
5. Nos supostos de extinción de contrato por vontade do traballador, non serán de aplicación os apartados 2 e 3 deste artigo.
6. O traballador poderá estar asistido por un representante dos traballadores, ou no seu defec-

to por un representante sindical dos sindicatos asinantes do presente Convenio, no acto da súa natura o recibo de finiquito.

ARTIGO 39º.—XUBILACIÓN

1. Recoñécense dúas clases distintas de xubilación, como medidas para fomenta-lo emprego.

A) Xubilación forzosa: Ó amparo do establecido na Lei 14/2005 do 1 de xullo sobre as cláusulas dos convenios colectivos referentes ó cumplimento da idade ordinaria de xubilación, como política de fomento do emprego orientada ó sostemento do mesmo e por necesidades do mercado de traballo no sector, establecese a xubilación obligatoria ós 65 anos de idade salvo pacto individual en contrario, dos traballadores que teñan cuberto o período mínimo legal de cotización para obtela e cumpran os demais requisitos esixidos pola lexislación da Seguridade Social para ter dereito á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva.

B) Xubilación anticipada: Estarase ó disposto ó respecto na lexislación vixente en cada momento.

C) Xubilación parcial:

1. Os asinantes do presente convenio, ó amparo do artigo 166.2 da Lei da Seguridade Social e do artigo 12.6 do Estatuto dos Traballadores, recoñecen ós traballadores o dereito subxectivo de solicitar á empresa a xubilación parcial e redución da xornada ata o límite máximo legalmente previsto do 85% cando reúnan os requisitos legalmente establecidos.

No caso de discrepancia entre as partes, unha vez efectuada a solicitude polo traballador, remitirse o expediente á Comisión Paritaria, nos 30 días seguintes, resolvendo esta no prazo dun mes a partir da súa recepción.

2. A solicitude deberase remitir á empresa cunha antelación mínima de 3 meses á data prevista de xubilación parcial, excepto para as categorías II, III, IV, V, VI e VII na que dita antelación será de 6 meses.
3. A porcentaxe da xornada que durante a xubilación parcial corresponda a traballo efectivo, poderase acumular previo acordo entre traballador e empresa, nos meses inmediatamente seguintes ó inicio de dita xubilación. 17

CAPÍTULO VIII

DEREITO E GARANTÍAS DO TRABALLADOR

ARTIGO 40º.—DEREITOS SINDICAIS

1. As empresas considerarán ós sindicatos debidamente implantados no plantel como elementos básicos e consubstanciais para afrontar, a través deles, as necesarias relacóns entre traballadores e empresarios.

2. As empresas respectarán o dereito de tódolos traballadores a sindicarse libremente. Non poderá condicionar o emprego dun traballador á condición de que non se afilié ou renuncie á súa afiliación sindical.
 3. A empresa non poderá despedir a un traballador nin prexudicalo de calquera outra forma a causa da súa afiliación ou actividade sindical.
 4. As empresas recoñecen o dereito dos traballadores afiliados a un sindicato de celebrar reunións, recadar cotas e distribuír información sindical fóra de horas de traballo sen perturbar a actividade normal. Os sindicatos poderán remitir información a todas aquelas empresas nas que se dispoña de suficiente e apreciable afiliación, a fin de que esta sexa distribuída fóra das horas de traballo e sen que, en todo caso, o exercicio de tal práctica poida interromper o desenvolvemento do proceso produtivo.
 5. As empresas, nos centros de traballo con mais de 100 traballadores, recoñecerán ás Centrais Sindicais ou Sindicatos que posúan nos mesmos, unha afiliación superior ó 15% do plantel, un delegado sindical.
 6. A Central ou Sindicato que pretenda tal recoñecemento debe acreditar ante a empresa de modo fidedigno o nivel de afiliación requerido. Acto seguido, a empresa recoñecerá ó delegado citado a súa condición de representante do sindicato a tódolos efectos.
 7. O Delegado Sindical deberá ser traballador en activo das respectivas empresas e designado de acordo cos Estatutos da Central ou Sindicato a quen represente.
- Serán preferentemente, membros do Comité de Empresa.
8. O Delegado Sindical ten as seguintes funcións:
 - a) Representar e defende-los intereses do Sindicato a quen representa e dos afiliados ó mesmo na empresa e servir de instrumento de comunicación entre a súa central sindical e a dirección das respectivas empresas.
 - b) Asistir ás reunións do Comité de Empresa, Comités de Seguridade e Hixiene no traballo e Comités Paritarios de Interpretación, con ou sen voto e sempre que tales órganos admitan previamente a súa presenza.
 - c) Terán acceso á mesma información e documentación da empresa que esta deba pola disposición do Comité de Empresa de acordo co regulado a través da Lei, estando obrigados a gardar silencio profesional nas materias nas que legalmente proceda.
 - d) Serán escoitados pola empresa no tratamento daqueles problemas de carácter colectivo que afectan ós traballadores en xeral e ós afiliados ó sindicato.
 9. Serán, así mesmo, informados e escoitados pola empresa con carácter previo.

- a) Respecto dos despedimentos e sancións que afectan ós traballadores afiliados ó Sindicato.
 - b) En materia de reestruturación do cadre de persoal, regulacións de emprego, traslado de traballadores, cando revista carácter colectivo ou do centro de traballo en xeral e sobre proxecto ou acción empresarial que poida afectar substancialmente ós intereses dos traballadores. 18
 - c) A implantación ou revisión do sistema de organización do traballo e calquera das súas posibles consecuencias.
 - 10. Poderán recadar cotas dos seus afiliados, repartir propaganda sindical e manter reunións cos mesmos, sempre que o fagan fóra das horas efectivas de traballo.
 - 11. Coa finalidade de facilita-la difusión daqueles avisos que puideran interesar ós respectivos afiliados ó sindicato e ós traballadores en xeral, a empresa porá a disposición do sindicato do que ostente representación dito Delegado, un taboleiro de anuncios que deberá establecerse dentro da empresa e no lugar onde se garantide na medida do posible un adecuado acceso ó mesmo para tódolos traballadores.
 - 12. En materia de reunións, ámbalas dúas partes, en canto ó procedemento se refire, axustarán a súa conduta á normativa legal vixente.
- O Delegado Sindical terá as mesmas garantías e dereitos recoñecidos pola Lei e os Convenios Colectivos que os membros do Comité de Empresa. En tódolos centros en que sexa materialmente factible, a dirección da empresa facilitará a utilización dun local co fin de que o delegado representante do sindicato exerza as funcións e tarefas que como tal lle correspondan. Os Delegados limitarán as súas tarefas á realización das funcións sindicais que lle son propias.
- 13. Naqueles centros que posúan un cadre de persoal superior a 250 traballadores, a dirección da empresa facilitará a utilización dun local, co fin de que o delegado representante do sindicato exerza as súas funcións e tarefas que como tal lle correspondan.

ARTIGO 41º.—GARANTÍAS

- a) Ningún membro do Comité de Empresa ou Delegado de Persoal poderá ser despedido ou sancionado durante o exercicio das súas funcións, nin dentro do ano seguinte ó seu cesamento, agás que este se produza por revogación ou dimisión, sempre que o despido ou a sanción se basee na actuación do traballador no exercicio legal da súa representación. Se o despido ou calquera outra sanción por suposta falta grave ou moi grave obedecera a outras causas deberá tramitarse expediente contraditorio no que serán escoitados aparte do interesado, o Comité de Empresa ou restantes Delegados de Persoal e o Delegado do Sindicato ó que pertenza no suposto de que estivera recoñecido como tal na empresa.

Terán prioridades de permanencia na empresa ou centro de traballo respecto ós demais traballadores nos supostos de suspensións ou extinción por causas tecnolóxicas ou económicas.

- b) Non poderán ser discriminados na súa promoción económica ou profesional por causa ou razón do desempeño da súa representación.
- c) Poderán exerce-la liberdade de expresión no interior da empresa nas materias relativas á súa representación podendo publicar ou distribuír sen perturba-lo normal desenvolvemento do proceso produtivo aquelas publicacións de interese laboral ou social, comunicándoo, previamente á empresa e exercendo tales tarefas de acordo coa norma legal vixente ó efecto.
- d) Disporán do crédito de horas mensuais retribuídas que a Lei determina. Os delegados sindicais de acordo co sindicato ó que pertenzan terán dereito á acumulación de horas retribuídas para o exercicio das súas funcións en un ou en varios deles sen supera-lo máximo total de horas legalmente establecidas.
- e) Sen supera-lo máximo legal poderán ser consumídas horas retribuídas de que disponen os membros do Comité ou Delegados de Persoal, co fin de preve-la asistencia dos mesmos a cursos de formación organizados polos seus sindicatos, institutos de formación e outras entidades.
- f) Os Comités de Empresa e representantes dos traballadores serán informados sobre a implantación ou revisión de sistemas de organizacións de traballo e calquera das súas posibles consecuencias: estudios de tempos, establecementos de sistemas de primas ou incentivos e valoración de postos de traballo.
- g) En todo o non regulado expresamente neste convenio en materia de dereitos e garantías sindicais estarase ó disposto no Estatuto dos Traballadores e na Lei Orgánica de Liberdade Sindical.
- h) En tódolos centros de traballo será obligatoria a existencia de taboleiro de anuncios para fixar comunicacións e información sindical.

ARTIGO 42º.—GARANTÍAS SOBRE AS CONDICIÓNNS DE TRABALLO

Ó obxecto de que o traballador coñeza os datos relativos á súa afiliación e cotización ó Réxime Xeral da Seguridade Social, como obriga establecense as seguintes garantías:

- a) Facilitarase pola empresa contratante copia do parte de alta na Seguridade Social acada traballador dentro dos oito días do seu ingreso.
- b) As empresas quedan obrigadas a publicar no taboleiro de anuncios os modelos TC-1 e TC-2 correspondente ó último mes no que se fixera efectiva a liquidación.

Así mesmo, deberá publicarse copia do recibo de estar ó corrente no pagamento da cota á entidade aseguradora daquelas pólizas que se concertasen a favor dos traballadores ou dos seus beneficiarios.

CAPÍTULO IX

COMISIÓN PARITARIA

ARTIGO 43º.—COMISIÓN PARITARIA

1. Crease unha Comisión Paritaria composta por un máximo de 12 membros que serán designados a partes iguais por cada unha das partes, sindical e empresarial asinantes do presente Convenio, na forma que decidan as respectivas organizacións e coas funcións que se especifícan no artigo seguinte.
2. Os acordos da Comisión Paritaria adoptaranse en todo caso por unanimidade e, aqueles que interpreten este Convenio, terán a mesma eficacia que a norma que fose interpretada.
3. A Comisión reunirse, alúmenos, unha vez ó trimestre, e o seu funcionamento, realizarase da forma que a mesma acorde.

ARTIGO 44º.—FUNCIONES E PROCEDIMENTOS DA COMISIÓN PARITARIA

1. A Comisión Paritaria á que se refire o artigo anterior, terá as seguintes funcións:
 - a) Vixilancia e seguimento do cumprimento deste Convenio.
 - b) Interpretación da totalidade dos preceptos do presente Convenio.
 - c) A instancia dalgunha das partes mediar e/ou tentar conciliar, no seu caso, e previo acordo das partes e a solicitude das mesmas, arbitrar en cantas cuestións e conflitos, todos eles de carácter colectivo poidan suscitarse na aplicación do presente Convenio.
 - d) Cantas outras funcións tendan á maior eficacia práctica do presente Convenio, ou se deriven do estipulado no seu texto e anexos que formen parte do mesmo
2. Como trámite que será previo e preceptivo a toda actuación administrativa ou xurisdiccional que se promova, as partes asinantes do presente Convenio obríganse a por en coñecemento da Comisión Paritaria cantas dúbidas, discrepancias e conflitos colectivos, de carácter xeral, poidan suscitarse en relación coa interpretación e aplicación do mesmo, sempre que sexan da súa competencia conforme ó establecido no apartado anterior, a fin de, que mediante a súa intervención, se resolva o problema suscitado ou, se iso non fose posible, emita ditame ó respecto. Dito trámite previo entenderase cumplido no caso que transcorrese o prazo previsto no seguinte apartado 5 sen que se emitise resolución ou ditame.
3. Sen prexuízo do pactado no apartado 3 do artigo anterior, establecese que as cuestións propias da súa competencia que se promovan ante a Comisión Paritaria adoptarán a forma escrita e o seu contido será o suficiente para que poidan examinar e analiza-lo problema co necesario coñecemento de causa, debendo ter como contido obligatorio:

- a) Exposición sucinta e concreta do asunto.
 - b) Razóns e fundamentos que entenda lle asisten ó propoñente.
 - c) Proposta ou petición concreta que se formule á Comisión.
- Ó escrito-proposta acompañaranse cantos documentos se consideran necesarios para a mellor comprensión e resolución do problema.
4. A Comisión poderá recamar, por vía de ampliación, canta información ou documentación estime pertinente para unha mellor ou más completa información do asunto, para o que se concederá un prazo ó propoñente que non poderá exceder de cinco días hábiles.
 5. A Comisión Paritaria, unha vez recibido o escrito-proposta ou, de se-lo caso, completada a información pertinente, disporá dun prazo non superior a vinte días hábiles para resolve-la cuestión suscitada ou, se iso non fose posible, emitir-lo oportuno ditame. Transcorrido dito prazo sen terse producido resolución nin ditame, quedará aberta a vía administrativa ou xurisdiccional competente.
 6. As partes asinantes asumen o contido do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedimentos Extrajudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (A.G.A.) publicado no D.O.G. do 8 de abril de 1.992, que desenvolverá os seus efectos nos ámbitos do presente Convenio, co alcance previsto no propio A.G.A.

CAPÍTULO X

FORMACIÓN PROFESIONAL

ARTIGO 45º.—COMISIÓN PARITARIA PROVINCIAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL

As partes asinantes acordan constituí-la Comisión Paritaria Sectorial de Formación Profesional, integrada por seis representantes de APEC, dous representantes de MCA-UGT, dous representantes de FECOMA-CCOO e dous representantes de FCM-CIG.

Serán funcións desta Comisión:

- Requirir das Administracións Públicas e dos Organismos comunitarios competentes, o recoñecemento oficial desta Comisión como interlocutor social sectorial que reciba a información existente sobre programas e cursos de formación profesional con empréstito oficial que afecten ó Sector da Construcción e que colabore co desenvolvemento, tanto dos que xa están en marcha como dos que poidan iniciarse en adiante.
- Elabora-los estudios pertinentes de necesidades e requirimientos de formación profesional no sector para chegar a defini-la organización e programación da mesma, tanto ocupacional como regrada (Observatorio ocupacional).
- Elabora-los planos formativos necesarios para acada-la homologación das cualificacións profesionais de traballadores técnicos administrativos e manuais coas equivalentes na Comuni-

dade Económica Europea, con vistas á entrada en vigor do Mercado Único.

- Elaborar un plan ó rematar cada ciclo formativo dos cursos impartidos pola Fundación Laboral da Construcción, coa finalidade de ir incorporando paulatinamente ás empresas aqueles alumnos que finalicen o curso con aproveitamento.
- Cantas outras funcións a propia comisión acorde a atribuírse encamiñadas ó desenvolvemento e mellora da Formación Profesional no sector en tódolos ámbitos territoriais.

ARTIGO 46º.—FORMACIÓN CONTINUA

Para aqueles traballadores que asistan a accións formativas presenciais correspondentes á convocatoria da Fundación Estatal para la Formación en el Empleo, xestionadas pola Fundación Laboral da Construcción, o 50% das horas que precise esa acción será dentro da xornada laboral ou deduciránse da mesma en dita porcentaxe, sempre que se dean as seguintes condicións:

- a) A empresa poderá denegar a asistencia dun traballador a unha acción formativa, mediante resolución motivada por razóns técnicas, organizativas ou de producción. No caso de denegación o traballador poderá recorrer diante da Comisión Territorial da Fundación Laboral da Construcción.
- b) Os traballadores que poidan asistir ás accións formativas contempladas neste artigo non superarán anualmente nin o 10% do plantel, nin, naqueles centros de traballo con menos de 10 traballadores poderá concorrer máis de un.
- c) O 50% das horas a cargo da empresa suporá un máximo anual de 20 horas por traballador, pódendose distribuír nunha ou varias accións formativas.
- d) O traballador solicitante deberá ter superado o período de proba e ter, en todo caso, unha antigüidade mínima de un mes na empresa.
- e) Durante as horas formativas, o traballador terá dereito ó salario que lle corresponda como se estivera traballando en xornada ordinaria.
- f) O traballador haberá de acreditar diante da empresa a asistencia á correspondente acción formativa.
- g) Os permisos individuais de formación, recollidos no IV Acordo Nacional de Formación Continua, rexeranse polo disposto no mesmo.

ARTIGO 47º.—TARXETA PROFESIONAL

1. A Tarxeta Profesional da Construcción é o documento expedido pola Fundación Laboral da Construcción co obxecto de acreditar, entre outros dados, a formación específica recibida do sector polo traballador en materia de prevención de riscos laborais, así como a categoría profesional do traballador e os períodos de ocupación nas distintas empresas nas que vaia exercendo a súa actividade.
2. A Tarxeta, expedírase de acordo co procedemento establecido no Convenio Xeneral do Sector.

CAPÍTULO XI

SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

ARTIGO 48º.—SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO

1. As partes asinantes acordan constituí-la Comisión Paritaria Sectorial de Seguridade e Hixiene, integrada por seis representantes de APEC, dous representantes de MCA-UGT, dous representantes de FECOMA-CCOO, e dous representantes de FCM-CIG.

Serán funcións desta Comisión:

- Recamar do Ministerio de Traballo e do Goberno Autónomos o recoñecemento oficial como interlocutor social sectorial en materia de Seguridade e Hixiene, tanto no seu aspecto lexislativo como no desenvolvemento de planos e medidas formativas.
 - Estudar e acorda-los mecanismos oportunos de coordinación da información provincial en materia de sinistralidade no sector, que subministrarán as comisións específicas provinciais ou, no seu defecto, as comisións paritarias dos convenios.
 - Promover cantas medidas considere tendentes a mellora-la situación do Sector nesta materia, tendo como obxectivo fundamental o estende-la preocupación pola Seguridade a tódolos niveis, fomentando campañas de mentalización, etc.
 - Acomete-las xestións necesarias para obte-los medios que lle permitan desenvolve-las súas funcións coa eficacia adecuada.
 - Cantas outras funcións acorde a propia Comisión atribuírse, encamiñadas ós seus fins.
- Esta Comisión reunirase unha vez cada tres meses, a proposta de calquera das partes e será citado un representante da Administración Laboral.
2. Dado que o sector da construcción se dotou dun instrumento paritario (a FLC), para dar servizos a empresas e traballadores -e entre outros en materia de prevención e saúde laboral- as partes asinantes acordan que a FLC desenvolva os planos e accións necesarios para promove-lo cumprimento da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

ARTIGO 49º.—DELEGADOS DE PREVENCIÓN

1. Os Delegados de Prevención son os representantes dos traballadores con funcións específicas en materia de prevención de riscos no traballo.
2. Os Delegados de Prevención serán designados por e entre os representantes do persoal, no ámbito dos órganos de representación previstos nas normas ás que se refire o artigo anterior, de acordo coa seguinte escala:
 - De 50 a 100 traballadores 2 delegados de Prevención
 - De 101 a 500 traballadores 3 delegados de Prevención
 - De 501 a 1000 traballadores 4 delegados de Prevención

- De 1001 a 2000 traballadores 5 delegados de Prevención
- De 2001 a 3000 traballadores 6 delegados de Prevención
- De 3001 a 4000 traballadores 7 delegados de Prevención
- De 4001 en diante 8 delegados de Prevención.

Nas empresas de ata trinta traballadores o Delegado de Prevención será o Delegado de Personal. Nas empresas de trinta e un a corenta e nove traballadores haberá un Delegado de Prevención que será elixido por e entre os Delegados de Persoal.

3. A efectos de determina-lo número de Delegados de Prevención teranse en conta os seguintes criterios:
 - a) Os traballadores vinculados por contratos de duración determinada superior a un ano computaranse como traballadores fixos de plantel.
 - b) Os contratados por termo de ata un ano computaranse segundo o número de días traballados no período dun ano anterior á designación. Cada douscentos días traballados ou fracción computaranse como un traballador mais. 23
4. Creación dun órgano específico de carácter paritario dentro da FLC, segundo o previsto no artigo 35.4 parágrafo 2º da Lei de Prevención de Riscos Laborais, para todas aquelas empresas onde non existan delegados de prevención.

ARTIGO 50º.—RECOÑECIMENTOS MÉDICOS

1. A empresa virá obrigada a realizar recoñecemento médico previo á admisión e recoñecimentos médicos periódicos a tódolos traballadores ó seu servizo, alímenos unha vez ó ano.
2. En ámbolos dous casos o recoñecemento médico será axeitado ó posto de traballo de que se trate.
3. A Comisión Paritaria Nacional de Seguridade e Hixiene estudará no futuro a posibilidade e conveniencia de establece-los aspectos mí nimos que deba comprender todo recoñecemento médico. Tamén estudará a forma de evita-la repetición de recoñecimentos médicos a un mesmo traballador nun mesmo ano, por cambio de empresa, unha vez que se implante o libreto profesional.
4. Serán de cargo exclusivo da empresa os custos dos recoñecimentos médicos e, nos periódicos, os gastos de desprazamentos orixinados polos mesmos.

ARTIGO 51º.—ASPECTOS RELATIVOS Á SEGURIDADE E SAÚDE NO SECTOR DA CONSTRUCIÓN

En todo o non regulado nos artigos precedentes, en materia de seguridade e saúde laboral, estarase ó disposto e regulado no Libro II do Convenio Xeneral.

CAPÍTULO XII

SOLUCIÓN EXTRAXUDICIAL DE CONFLITOS

ARTIGO 52º.—SOLUCIÓN EXTRAXUDICIAL DE CONFLITOS LABORAIS

As partes asinantes asumen o contido do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (A.G.A.), publicado no D.O.G. do 8 de abril de 1992, que desenvolverán os seus efectos nos ámbitos do presente Convenio, co alcance previsto no propio A.G.A.

DISPOSICIÓN FINAL

No non disposto no presente Convenio Colectivo, estarase ó establecido no Convenio Xeral do Sector, publicado no B.O.E. de data 17 de agosto do 2.007, e demais normas de xeral aplicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL I

O presente Convenio colectivo redactarase nas dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia e publicarase na mesma forma no Boletín Oficial de Pontevedra.

DISPOSICIÓN ADICIONAL II

Os traballadores teñen dereito a desenvolve-la súa actividade laboral profesional en lingua galega reconéccendo, desta maneira, a empresa, a oficialidade de dita lingua e os dereitos lingüísticos dos traballadores recollidos na Lei.

No seo da empresa, a dirección e os representantes dos traballadores fomentarán o uso da lingua galega.

TÁBOA DE NIVEIS

NIVEL	CATEGORÍA
II	PERSOAL TITULADO SUPERIOR
III	PERSOAL TITULADO MEDIO, Xefe Administrativo 1ª, Xefe Sección Organización 1ª.
IV	ENCARGADO XERAL, Xefe de Persoal, Axudante de Obra, Encargado Xeral de Fabrica.
V	ENCARGADO XERAL DE OBRA, Xefe Administrativo de 2ª, Delineante Superior, Xefe de Sección de Organización Científica do traballo de 2ª, Xefe de Compras.
VI	DELINANTE DE 1ª, Xefe ou Encargado de Taller, Encargado de Sección de Laboratorio, Escultor de Pedra e Mármore, Práctico de Topografía de 1ª, Técnico de Organización de 1ª.
VII	CAPATAZ, Delineante de 2ª, Técnico de Organización de 2ª, Práctico de Topografía de 2ª, Analista de 1ª, Vixante, Especialista de Oficio.
VIII	OFICIAL DE OFICIO DE 1ª, Oficial Administrativo de 1ª, Corredor de Praza, Inspector de Control, Sinalización e Servizos, Analista de 2ª.
IX	OFICIAL DE OFICIO DE 2ª, Oficial Administrativo de 2ª, Axudante Topográfico, Auxiliar de Organización, Vendedores, Conserxe.
X	AXUDANTE DE OFICIO, Auxiliar administrativo, Especialista de 1ª, Auxiliar de Laboratorio, Vixante, Almaceneiro, Enfermeiro, Cobrador, Garda-Xurado.
XI	PEÓN ESPECIALIZADO, Especialista de 2ª.
XII	PEÓN ORDINARIO, Limpador/a.
XIII	PINCHEs e/ ou APRENDICES de 16 e 17 anos, Botóns.

ANEXO I

Nivel	Salario 14 Pagas Igualas €	Plus de Puesto €	Plus Extrasalarial Día €	Plus Extrasalarial Mes €	Total Anual €	Hora extra sin complemento €
II	1.387,27	35,00	4,29	85,00	20.846,78	18,55
III-IV	1086,29	30,00	4,29	85,00	16.563,06	14,55
V	1013,81	25,00	4,29	85,00	15.478,34	13,55
VI	983,24	20,00	4,29	85,00	14.980,36	13,25
VII	979,76	15,00	4,29	85,00	14.861,64	13,15
VIII	977,62	12,00	4,29	85,00	14.789,68	13,10
IX	961,14	8,00	4,29	85,00	14.502,96	12,85
X	942,68	4,00	4,29	85,00	14.188,52	12,60
XI-XII	932,63	-	4,29	85,00	13.991,82	12,50
XIII	636,76	-	4,29	85,00	9.849,64	

ANEXO II.—ANTIGÜEADAE CONSOLIDADA A FECHA 21-11-96

Nivel	2 años	3 años	4 años	5 años	Sumar cada año mas
II	15,53	23,30	31,06	37,27	6,21
III-IV	11,97	17,95	23,93	28,72	4,78
V	11,11	16,67	22,23	26,67	4,45
VI	10,75	16,13	21,50	25,81	4,30
VII	10,71	16,07	21,42	25,71	4,29
VIII	10,69	16,03	21,37	25,65	4,27
IX	10,49	15,73	20,98	25,17	4,20
X	10,27	15,41	20,54	24,65	4,11
XI-XII	10,15	15,23	20,30	24,37	4,06

ANEXO III.—CALENDARIO AÑO 2007

Día	Ene	Feb	Mar	Abr	May	Jun	Jul	Ago	Set	Oct	Nov	Dic
1	F	8	8	D	F	8	D	8	S	8	F	S
2	8	8	8	8	8	S	8	8	D	8	FC	D
3	8	S	S	8	8	D	8	8	8	8	S	8
4	8	D	D	8	8	8	8	S	8	8	D	8
5	8	8	8	F	S	8	8	D	8	8	8	8
6	F	8	8	F	D	8	8	8	8	S	8	F
7	D	8	8	S	8	8	S	8	8	D	8	FC
8	8	8	8	D	8	8	D	8	S	8	8	F
9	8	8	8	8	8	S	8	8	D	8	8	D
10	8	S	S	8	8	D	8	8	8	8	S	8
11	8	D	D	8	8	8	8	S	8	8	D	8
12	8	8	8	8	S	8	8	D	8	F	8	8
13	S	8	8	8	D	8	8	8	8	S	8	8
14	D	8	8	S	8	8	S	8	8	D	8	8
15	8	8	8	D	8	8	D	F	S	8	8	S
16	8	8	8	8	8	S	8	FC	D	8	8	D
17	8	S	S	8	FC	D	8	FC	8	8	S	8
18	8	D	D	8	FC	8	8	S	8	8	D	8
19	8	8	8	8	S	8	8	D	8	8	8	8
20	S	8	8	8	D	8	8	8	8	S	8	8
21	D	8	8	S	8	8	S	8	8	D	8	8
22	8	8	8	D	8	8	D	8	S	8	8	S
23	8	8	8	8	8	S	8	8	D	8	8	D
24	8	S	S	8	8	D	8	8	8	8	S	FC
25	8	D	D	8	8	8	F	S	8	8	D	F
26	8	8	8	8	S	8	8	D	8	8	8	8
27	S	8	8	8	D	8	8	8	8	S	8	8
28	D	8	8	S	8	8	S	8	8	D	8	8
29	8	8	8	D	8	8	D	8	S	8	8	S
30	8	8	8	FC	8	S	8	8	D	8	8	D
31	8		S		8		8	8		FC		FC
Horas	176	160	176	144	160	168	168	160	160	168	160	128
Días	22	20	22	18	20	21	21	20	20	21	20	16
Total Horas 1.928												Total Días 241

Nota: Faltan los 2 festivos locales de cada concello.

Días del año	365
Domingos.....	-52
Sábados	-50
Vacaciones	-21
Festivos de carácter general.....	-12
Festivos locales	-2
Días de trabajo	228
Festivos convenio.....	-10
Días de trabajo 2007	218

Horas efectivas de trabajo año 2007
218 x 8 = 1.744

ANEXO IV.—MÓDULO DE RECIBO DE FINIQUITO DA RELACIÓN LABORAL

Nº

Recibo de finiquito

Don
que traballou na empresa
dende ata
coa categoría de
declaro que recibín desta, a cantidad de euros
en concepto de liquidación total pola miña baixa na empresa.

Quedando así indemnizado e liquidado, por tódolos conceptos que puidesen derivarse da relación laboral que unía as partes e que queda extinguida, manifestando expresamente que máis nada teño que reclamar, estando de acordo en elo coa empresa.

En a de de
O traballador

O traballador (1) usa do seu dereito a que estea presente na sinatura un representante legal seu na empresa, ou, no seu defecto, un representante sindical dos sindicatos asinantes do presente Convenio.

(1) SÍ ou NON.

Este documento ten unha validez de quince días naturais, a contar desde a data da súa expedición.

Expedido por
Data da expedición

Selo e sinatura

Este recibo non terá validez sen o selo e sinatura da organización empresarial correspondente, ou se se formaliza en fotocopia ou noutro medio de reproducción.

ANEXO IV.—MÓDULO DE RENOVACIÓN DE CONTRATO FIJO DE OBRA

Empresa

Traballador

Categoría

De conformidade co estipulado no artigo 20 do Convenio Xeneral do Sector da Construcción vixente, subscrito con data 22 de xuño de 2007, de común acordo coa empresa o traballador acepta presta-los seus servizos no centro de trabalho a partir do día de 20.....

E para que así conste, ámbalas dúas partes asinan o presente acordo

En a de de
O traballador *A empresa*

CONVENIO COLECTIVO DA CONSTRUCCIÓN

2007-2009

CAPÍTULO I

ÁMBITOS Y GARANTÍAS

ARTÍCULO 1. PARTES SIGNATARIAS

- a) Son partes firmantes del presente Convenio, de una parte la Federación de Construcción y madera de la Confederación Intersindical Galega (FCM-CIG), la Federación de Metal, Construcción y afines de U.G.T. (M.C.A.-U.G.T.) y la Federación de Construcción, Madera y afines de CCOO (FECOMA-CCOO), como representación laboral y, de otra parte, la Asociación Provincial de Empresarios de la Construcción, APEC, en representación empresarial.
- b) Ambas se reconocen mutuamente legitimación para negociar el presente Convenio.

ARTÍCULO 2. EFICACIA Y ALCANCE OBLIGACIONAL

Dada la naturaleza normativa y eficacia general, que le viene dada por lo dispuesto en el artículo 3º del Estatuto de los Trabajadores y por la representatividad de las Organizaciones firmantes, el presente Convenio obligará a todo el personal que prestando sus servicios en los centros de trabajo establecidos o que se establezcan en la provincia de Pontevedra esté contratado por las empresas comprendidas dentro de sus ámbitos funcional, personal y territorial.

ARTÍCULO 3. ÁMBITO FUNCIONAL

El presente Convenio Colectivo será de aplicación a todas las empresas y trabajadores que prestan sus servicios en la provincia de Pontevedra, independientemente de su nacionalidad, contratación o categoría profesional. Se aplicará en Pontevedra, siempre que sea más beneficioso que el del lugar donde procedan.

Será de aplicación para todas las empresas que se dediquen a cualquiera de las actividades que figuran en el Convenio General de la Construcción, excepto a las que tengan convenio propio.

ARTÍCULO 4. ÁMBITO TEMPORAL

El presente Convenio tendrá una duración de 3 años, a contar desde el 1 de Enero de 2007, hasta el 31 de Diciembre de 2009. En evitación del vacío normativo que en otro caso se produciría una vez terminada su vigencia inicial o la de cualquiera de sus prórrogas, continuará rigiendo en su totalidad tanto en su contenido normativo como en el obligacional hasta que sea sustituido por otro.

ARTÍCULO 5. PROCEDIMIENTO DE DENUNCIA

Para dar cumplimiento a lo previsto en el Artículo 85.2 d) del Estatuto de los Trabajadores, las partes firmantes hacen constar expresamente que el presente Convenio no precisa denuncia previa para iniciar la negociación del Convenio que lo sustituya.

ARTÍCULO 6. CONDICIONES MÁS BENEFICIOSAS

Todas las mejoras contenidas en el presente Convenio se establecen con el carácter de mínimas. Los pactos o situaciones actuales existentes en cualquier empresa que impliquen condiciones más beneficiosas respecto de las convenidas serán respetadas.

ARTÍCULO 7. VINCULACIÓN A LA TOTALIDAD

Siendo las condiciones pactadas un todo orgánico e indivisible, el presente Convenio será nulo y quedará sin efecto alguno en el supuesto que la jurisdicción competente modifícase, anulase o invalidase alguno de sus pactos o no aprobara la totalidad de su contenido, que debe ser uno e indivisible en su aplicación.

CAPÍTULO II

CONDICIONES GENERALES DE INGRESO

ARTÍCULO 8. PRUEBAS DE APTITUD

1. Las empresas, previamente al ingreso, podrán realizar al interesado las pruebas de selección, prácticas y psicotécnicas, que consideren necesarias para comprobar si su grado de aptitud y su preparación son adecuados a la categoría profesional y puesto de trabajo que vaya a desempeñar.
2. El trabajador, con independencia de su categoría profesional, y antes de su admisión en la empresa, será sometido a un reconocimiento médico, según se establece en el artículo 50 del presente convenio.
3. Una vez considerado apto, el trabajador contratado deberá aportar la documentación necesaria para la formalización del contrato de trabajo.

ARTÍCULO 9. PERÍODO DE PRUEBA

1. Podrá concertarse por escrito un período de prueba que en ningún caso podrá exceder de:
 - a) Técnicos titulados: 6 meses.
 - b) Personal técnico y administrativo:
Niveles III, IV y V: 3 meses
Niveles VI al X: 2 meses.
Resto de personal: 15 días naturales.
- c) Profesionales de oficio y peones:
Encargado y capataces: 1 mes.
ciais, excepto conexiόns, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 120,0225 €

5.12. M1. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 450 mm., instalada sobre cama de area da propia excavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexiόns, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 139,7383 €

5.13. M1. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 500 mm., instalada sobre cama de area da propia excavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexiόns, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 159,0079 €

5.14. M1. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 €”, incluso p.p. de pezas, excepto conexiόns, medida a cinta corrida e probada. 8,6306 €

5.15. M1. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 €”, incluso p.p. de pezas, excepto conexiόns, medida a cinta corrida e probada. 9,5664 €

5.16. M1. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 2”, incluso p.p. de pezas, excepto conexiόns, medida a cinta corrida e probada. 12,2369 €

6.—VÁLVULAS PARA REDE DE ABASTECIMENTO.

6.1. Ud. Subministración e colocación válvula de compoerta para tubo de abastecimento de 60 mm. .. 218,3857 €

6.2. Ud. Subministración e colocación válvula de compoerta para tubo de abastecimento de 80 mm. .. 244,2848 €

6.3. Ud. Subministración e colocación válvula de compoerta para tubo de abastecimento de 100 mm. .. 270,9540 €

6.4. Ud. Subministración e colocación válvula de compoerta para tubo de abastecimento de 125 mm. .. 388,4643 €

6.5. Ud. Subministración e colocación válvula de compoerta para tubo de abastecimento de 150 mm. .. 412,0311 €

6.6. Ud. Subministración e colocación válvula de compoerta para tubo de abastecimento de 175 mm. .. 650,1183 €

6.7. Ud. Subministración e colocación válvula de compoerta para tubo de abastecimento de 200 mm. .. 682,1070 €

6.8. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecimento de 250 mm. .. 1.125,7742 €

6.9. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecimento de 300 mm. .. 1.360,2478 €

6.10. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecimento de 350 mm. .. 1.817,5267 €

6.11. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecimento de 400 mm. .. 2.314,5325 €

6.12. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecimento de 450 mm. .. 4.898,8816 €

6.13. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecimento de 500 mm. .. 5.263,9014 €

7. INSTALACIÓN DE TUBO DE SANEAMENTO

7.1. M1. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 30 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado. 27,0364 €

7.2. M1. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 40 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado. 37,3802 €

7.3. M1. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 50 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado. 47,7220 €

cional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado. . . . 45,5717 €

7.4. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 60 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado. . . . 52,9643 €

7.5. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 80 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado. . . . 76,6894 €

7.6. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 100 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.. 92,9789 €

8.—REXISTROS

8.1. Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 1,50 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm². De resistencia característica, de 20 cm. de grosor, paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm². De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro. 897,1383 €

8.2. Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 2,00 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm². De resistencia característica, de 20 cm. de grosor, paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm². De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro. 931,6391 €

8.3. Ud. De pozo de rexistro, sen areeiro, de 1,00 m. De diámetro, formado por soleira de formigón de 200 Kp/cm². De R.C., y de 20 cm. de grosor, arillos de formigón, tapas e cerca de fundición dúctil de calzada, incluso escavación en todo terreo, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/ISA-14, NTE/ISS-55, e Ordenanza, medida a unidade rematada. 522,8688 €

8.4. Ud. De adaptación ó pozo existente, incluindo cono, marco e tapa de fundición dúctil con dispositivo de acerroxado. 257,1191 €

9.—TRABALLOS ESPECIAIS.

9.1. Ud. De colocación de contador de ata 40 mm. de diámetro, sen incluir o aparello, en reposicións de subministración interrompido por fraude. 66,3816 €

9.2. Ud. De reposición de conexión de abastecemento anulada por detección de fraude. 132,7561 €

10.—PREZOS DE MAN DE OBRA E MAQUINARIA PARA TRABALLOS REALIZADOS POLA ADMINISTRACION.

10.1. MAQUINARIA

10.1.1. Hora de compresor 11.1068 €

10.1.2. Hora de camión MAN 35,3215 €

10.1.3. Hora de camión PEGASO 28,2528 €

10.1.4. Hora de camión EBRO. 23,2069 €

10.1.5 .Hora de retroescavadora TY-45.	38,3447 €
10.1.6.Hora de retroescavadora TY-45 con martillo.	95,8654 €
10.1.7.Hora de retroescavadora LY-80.	49,4515 €
10.1.8. Hora de carterpillar 955/950.	49,4515 €
10.1.9. Hora de tractor grúa.	28,2528 €
10.1.10. Hora rodete compactador.	39,3596 €
10.1.11. Hora de bituminadora.	34,3065 €
10.1.12. Hora de compactadora tipo ra, bandexa.	7,3134 €
10.1.13. Hora cortadora de pavimentos	21,9473 €
10.1.14. Hora de vehículo lixeiro transporte.	14,6339 €
10.2 MAN DE OBRA	
10.2.1. Hora de xornal de PEÓN	9,4656 €
10.2.2. Hora de xornal OFICIAL.	9,9766 €

24.—MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE ENSINANZAS ESPECIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EN ESTABELECIMENTOS MUNICIPAIS. (40)

ARTIGO 3.—CONTÍA

a) Cursos e cursiños. Por cada sesenta horas lectivas ou fracción, cota mínima 2,70 €, que poderán ser incrementadas no acto administrativo regulador da convocatoria ata o máximo resultante de dividí-lo custo total do curso entre o número máximo de inscricións admisibles.

c) Escola Municipal de Música:

Música e movemento:

— Matrícula	39,05 €
— 10 mensualidades de.	15,50 €

Práctica instrumental. Nivel I:

— Matrícula	54,65 €
— 10 mensualidades de.	21,50 €

Práctica instrumental. Nivel II:

— Matrícula	59,55 €
— 10 mensualidades de.	23,75 €

Práctica instrumental. Nivel III:

— Matrícula	64,40 €
— 10 mensualidades de.	25,70 €

Difusión musical (curso 20 horas)

— Matrícula	28,90 €
Monográfico (curso 20 horas)	43,40 €

Especialización musical (curso 30 horas)

— Matrícula	144,45 €
d) Escola Municipal de Teatro.	

Cursos de teatro para menores, (niveis de iniciación e perfeccionamento)

— Matrícula	23,40 €
— 9 mensualidades de.	20,35 €

Cursos monográficos

20 horas ou fracción.	42,55 €
40 horas	85,10 €

60 horas	127,70 €
80 horas ou mais.	170,25 €

Cursos de teatro para persoas adultas (niveis de iniciación e perfeccionamento)

— Matrícula	83,00 €
— 9 mensualidades de.	74,50 €

- e) Estarán exentos dos Prezos Públicos regulados na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.275 €. A titularidade de Bens Inmobilés de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 46.920 €.

Para o disfrute desta exención dictarase resolución da Concellería de Economía e Facenda establecendo o procedemento así como a documentación necesaria que acredite o cumprimento da condición anterior.

- f) No caso de que os/as seleccionados/as para a Escola Municipal de Teatro e a Escola Municipal de Música pertencesen a familias numerosas que contan con ingresos brutos anuais, per capita, no exercicio da solicitude inferiores a 5.120 €, quedarán eximidos do pagamento destes prezos públicos.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2008, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

25.—MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, PERTECENTES O “INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES”. (52)

CAPÍTULO V.—EXENCIONES

ARTIGO 6

- b) Estarán exentos os alumnos de Escolas deportivas que sexan membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.275 €. A titularidade de Bens Inmobilés de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 46.920 €.

Para o disfrute desta exención dictarase resolución da Concellería de Economía e Facenda establecendo o procedemento así como a documentación necesaria que acredite o cumprimento da condición anterior.

- e) Os alumnos de Escolas Deportivas pertencentes a familias numerosas que contan con ingresos brutos anuais, per capita, no exercicio da solicitude inferiores a 5.120 €

ARTIGO 18.—PREZOS PUBLICOS

A) ESPECTÁCULOS

En tódalas instalacións.

- 1 día 3.768,00 euros + ive
- € día 2.109,00 euros + ive
- Aluguer escenario 18,85 euros m² + ive

B) ACTIVIDADES CULTURAIS

- 1 día 527,00 euros + ive
- € día 302,00 euros + ive

C) ESPECIAL

Para montar e desmontar.

- | | |
|------------|-------------------|
| Hora | 34,00 euros + ive |
|------------|-------------------|

ARTIGO 19.—

1. ACTIVIDADES DEPORTIVAS-COMPETICIONS, ADESTRAMENTOS.

- a) ABONO TEMPADA CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS, para todalas entidades deportivas que soliciten a reserva por tempada do uso dunha instalación deportiva.

a.1.—EQUIPOS FEDERADOS:

Categoría especial	188,40 €
1ª Categoría (un só equipo)	75,35 €
1ª Categoría (máis de un equipo)	113,05 €
2ª Categoría	56,50 €

a.2.—EQUIPOS NON FEDERADOS

- b) Cando unha entidade tenga otorgado unha reserva de uso de adestramentos e competicións oficiais nunha instalación para unha tempada, o pago dos precios publicos poderá ser domiciliado nunha entidade bancaria e poderá ser facturado anticipadamente dunha seguintes maneiras:

PAGOS DE ADESTRAMENTOS:

b.1.—Mensualmente.

b.2.—Bimensualmente. Neste caso terá un desconto dun 10% sobre o total.

b.3.—Trimestralmente. Neste caso terá un desconto dun 20% sobre o total.

1.2. COMPETICIONS-EXHIBICIONS: (sin tempo límite)

Atinxe a todas aquelas actividades deportivas nas que, pola sua configuración, requiran competicións dunha longa ocupación coma Patinaxe, Ritmica, Artes marciais.

Instalacións	Sen taquilla €/hora	Con taquilla €/hora
Pavillón Central	45,20	75,35
Outras Instalacións	26,35	45,20

1.3. PARTIDOS

(Baloncesto, balonman, Voleibol, Fútbol, etc.)

A) PAVILLÓN CENTRAL

	Sen taquilla €/hora	Con taquilla €/hora
Categoría especial	60,25	143,20

b) OUTRAS INSTALACIÓN

Categoría especial	56,50
1ª Categoría	26,35
2ª Categoría	12,75

1.4. ADESTRAMENTOS:

a) PAVILLÓN CENTRAL €/hora

Categoría especial e 1ª categoría 11,25

b) OUTRAS INSTALACIÓN e campos de fútbol.

	Pista entera €/hora	Pista compartida €/hora
Categoría especial e 1ª cat.	7,10	5,25
2ª Categoría	4,85	3,80

c) SALAS DEPORTIVAS MULTIUSOS €/hora

1ª Categoría (un equipo)	4,15
2ª Categoría (un equipo)	2,25

**ARTIGO 20.—ACTIVIDADES DEPORTIVAS
DE RECREO, TEMPO LIBRE E OCIO.**

1. ACCESO AS INSTALACIÓNNS

1.1 Adulto	2,80 €
1.2 Menores	1,90 €
2. ABONO DE 20 ENTRADAS (INSTALACIÓNNS USO LIBRE).	

2.1. Adulto.....	25,60 €
2.2. Menores.....	17,35 €

3. TENIS E FRONTÓN E PADEL

3.1.—Instalacións Cubertas

	<i>1 hora</i>	<i>Bono 10 usos</i>
a) 2 Xogadores	4,15 €	37,15 €
b) 4 Xogadores	4,85 €	43,60 €

3.2.—Instalacións descubertas

	<i>1 hora</i>	<i>Bono 10 usos</i>
a) 2 Xogadores	2,80 €	25,30 €
b) 4 Xogadores	4,15 €	37,15 €

3.3. Suplemento de Luz para Tenis, frontón e padel:	<i>€/hora</i>
Instalacións cubertas.....	1,85
Instalacións descubertas	1,20

4.—XIMNASIOS.

4.1. Mensualidade por actividade/clases dous sesións a semana	14,40 €
4.2. Mensualidade por actividade/clases tres sesións a semana.....	18,10 €

4.3.—Cuotas de abonados os Ximnasios.(uso libre).

4.3.1 Adultos (individual anual)	135,70 €
4.3.2 Menores (individual anual).....	83,00 €
4.3.3 Familiar (anual).....	196,05 €

Os abonados empadroados en Vigo, terán unha bonificación e o seu prezo é:

4.3.4 Adultos (individual anual)	113,10 €
4.3.5 Menores (individual anual).....	60,25 €
4.3.6 Familiar (anual).....	166,25 €

5.—SQUASH:

	<i>1 reserva</i>	<i>Abono 10 usos/reservas</i>
Reserva uso pista (45 minutos)	3,80 €	34,20 €

**ARTIGO 21.—PROGRAMAS DE ENSINANZA
E PROMOCIÓN DEPORTIVA**

1. PROGRAMAS CON PROFESOR (CURSOS NATACIÓN)

1.1. Adultos/mes	29,45 €
1.2. Menores/mes.....	18,85 €

2. PROGRAMAS DE CAMPAÑAS DE “NATACIÓN”

	<i>€/alumno/mes</i>
2.1. Grupo colexios.....	6,60 €
2.2. Outros programas	12,15 €

3. ESCOLAS DEPORTIVAS:

3.1. Escolas Deportivas

Por alumno-a/curso

37,75 €

ARTIGO 22.—OUTROS USOS:

1. COLEXIOS:

1.1 Instalacións deportivas.....

7,65 €/hora

2. ACADEMIAS PRIVADAS

2.1 Instalacións deportivas.....

15,05 €/hora

3. RENOVACIÓN DO CARNE

Renovación de carnet

0,80 €

4. SALA DE REUNIÓNS:

Sala de reunións:.....

2,25 €/hora

DISPOSICIÓN FINAIS

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de Xaneiro de 2008, ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresas.

Vigo, 3 de decembro de 2007.—O Alcalde, Abel Cabeceiro Alvarez.

2007011586

Concurso aberto para a contratación da asistencia técnica para a redacción do proxecto de mellora ambiental do Río Lagares no Concello de Vigo.

1. Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Concello de Vigo; b) Dependencia que tramita o expediente: Medio Ambiente; c) Número de expediente: 5336-306.

2. Obxecto do contrato.

a) Descripción do obxecto: redacción do proxecto de mellora ambiental do río Lagares (treito Avenida de Madrid-Estrada do Aeroporto), recuperación de marxes, eliminación de verquidos e adecuación para o uso público. b) División por lotes e número: c) Lugar de execución: Vigo. d) Prazo de execución ou data límite de entrega: seis meses.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: urxente; b) Procedemento: Aberto; c) Forma: Concurso.

4. Presupuesto base de licitación.

Importe total: (euros) 60.000 euros.

5. Garantía provisional

Non.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Oficina de Información Xeral do Concello de Vigo; b) Enderezo: Praza do Rei, nº 2; c) Localidade e código postal: Vigo – 36202; d) Teléfono: 986810298; e) Telefax: 986 226 206. f) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. Requisitos específicos do contratista.

a) Solvencia económica e financieira e solvencia técnica e profesional: a esixida no apartado 10-2 do prego de cláusulas administrativas particulares

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 8 días seguintes ó último anuncio de licitación a publicar no BOP de Pontevedra e no DOG. b) Documentación a presentar: A esixida na cláusula 10 do prego de cláusulas

sulas administrativas particulares. c) Lugar de presentación: 1.-Entidade: Rexistro Xeral do Concello de Vigo; 2.-Enderezo: Praza do Rei, nº 2; 3.-Localidade e código postal: Vigo - 36202. d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta (concurso): Tres meses desde o día de apertura de ofertas económicas. e) Admisión de variantes (concurso): No.

9. Apertura da ofertas.

a) Entidade: Concello de Vigo; b) Enderezo: Praza do Rei, nº 2; c) Localidade: Vigo - 36202; d) Data: primeiro mercores seguinte a data de finalización do prazo de presentación de ofertas; e) Hora: 11.30 horas.

10. Outras informacions.

11. Gastos de anuncios:

Pagaraos o adxudicatario.

12. Páxina web para obtención de información:

www.vigo.org

Vigo, 28 de novembro de 2007.—O concelleiro da Area de Xestión Municipal, Carlos López Font.

2007011651

Concurso abierto para la contratacion de la asistencia técnica para la redaccion del proyecto de mejora ambiental del río Lagares en el Ayuntamiento de Vigo.

1. Entidad adjudicadora:

a) Organismo: Ayuntamiento de Vigo; b) Dependencia que tramita el expediente: Medio Ambiente; c) Número de expediente: 5336-306.

2. Objeto del contrato.

a) Descripción del objeto: redacción del proyecto de mejora ambiental del río Lagares (tramo avenida de Madrid-carretera del Aeropuerto) recuperación de margenes, eliminación de vertidos y adecuación para uso público. b) División por lotes y número: c) Lugar de ejecución: Vigo. d) Plazo de ejecución o fecha límite de entrega: seis meses

3. Tramitación, procedimiento y forma de adjudicación.

a) Tramitación: urgente; b) Procedimiento: Abierto; c) Forma: Concurso.

4. Presupuesto base de licitación.

Importe total: (euros) 60.000 euros.

5. Garantía provisional:

No.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidad: Oficina de Información General del Ayuntamiento de Vigo. b) Domicilio: Plaza del Rey, nº 2. c) Localidad y código postal: Vigo - 36202.

d) Teléfono: 986810298. e) Telefax: 986 226 206. f) Fecha límite de obtención de documentos e información: Hasta el día de finalización del plazo de presentación de proposiciones.

7. Requisitos específicos del contratista.

a) Solvencia económica y financiera y solvencia técnica y profesional: La exigida en el apartado 110-2 del pliego de cláusula administrativas particulares.

8. Presentación de las ofertas o de las solicitudes de participación.

a) Fecha límite de presentación: 8 días siguientes al último anuncio de licitación a publicar en el BOP de Pontevedra y en el DOG. b) Documentación a presentar: La exigida en la cláusula 10 del pliego de cláusulas administrativas particulares y en el apartado 15 de la FEC. c) Lugar de presentación: 1.-Entidad: Registro General del Ayuntamiento de Vigo; 2.-Domicilio: Plaza del Rey, nº 2; 3.-Localidad y código postal: Vigo - 36202. d) Plazo durante el cual el licitador estará obligado a mantener su oferta (concurso): tres meses desde el día de apertura de ofertas económicas. e) Admisión de variantes (concurso): No

9. Apertura de las ofertas.

a) Entidad: Ayuntamiento de Vigo. b) Domicilio: Plaza del Rey, nº 2. c) Localidad: Vigo - 36202. d) Fecha: primer miercoles siguiente a la fecha de finalización del plazo de presentación de ofertas. e) Hora: 11:30 horas

10. Otras informaciones.

11. Gastos de anuncios:

Los pagará el adjudicatario.

12. Página web para obtención de información:

www.vigo.org

Vigo, 28 de noviembre de 2007.—El concejal del Área de Gestión Municipal, Carlos López Font.

2007011652

Anuncio para a contratacion por concurso aberto de adquisición de xogos para parques infantís do Concello de Vigo.

1. Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Concello de Vigo; b) Dependencia que tramita o expediente: Montes, Parques e Xardíns; c) Número de expediente: 3881-446.

2. Obxecto do contrato.

a) Descripción do obxecto: Adquisición de xogos para parques infantís. b) Número de unidades a entregar: c) División por lotes e número: Sí, 9 lotes. d) Lugar de ejecución: Vigo. e) Prazo de ejecución ou data límite de entrega: 3 meses.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Urxente; b) Procedemento: Aberto; c) Forma: Concurso.

4. Presuposto base de licitación.

Importe total: (euros) 153.000, Lote 1: 10.000 euros, Lote 2: 25.000 euros, Lote 3: 15.000 euros, Lote 4: 22.000 euros, Lote 5: 1.000 euros, Lote 6: 7.000 euros, Lote 7: 9.000 euros, Lote 8: 21.000 euros, Lote 9: 43.000 euros.

5. Garantía provisional:

No.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Oficina de Información Xeral do Concello de Vigo; b) Enderezo: Praza do Rei, nº 2; c) Localidade e código postal: Vigo – 36202; d) Teléfono: 986 810 298; e) Telefax: 986 226 206. f) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. Requisitos específicos do contratista.

a) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: a esixida no apartado 13 e 14 da FEC.

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 8 días seguintes ó último anuncio de licitación a publicar no BOP de Pontevedra e no DOG. b) Documentación a presentar: A esixida na cláusula 5 do prego de cláusulas administrativas particulares e no apartado 15 da FEC. c) Lugar de presentación: 1.-Entidade: Registrio Xeral do Concello de Vigo; 2.-Enderezo: Praza do Rei, nº 2; 3.-Localidade e código postal: Vigo - 36202. d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta (concurso): tres meses dende o día de apertura de ofertas económicas. e) Admisión de variantes (concurso): Sí.

9. Apertura da ofertas .

a) Entidade: Concello de Vigo; b) Enderezo: Praza do Rei, nº 2; c) Localidade: Vigo – 36202; d) Data: segundo o disposto no apartado 23 da FEC e cláusula 6.2 do prego de cláusulas administrativas particulares; e) Hora: 11:30 horas.

10. Outras informações.

11. Gastos de anuncios:

Pagaraos o adxudicatario.

12. Páxina web para obtención de información:

www.vigo.org.

Vigo, 3 de decembro de 2007.—O concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, Carlos López Font. **2007011653**

SANXENXO

A N U N C I O

Aprobación inicial do proxecto de urbanización presentado por Promociones Conslayca, S.L., para a apertura de novo vial en Vilar Vilalonga - Sanxenxo.

Por Resolución da Presidencia de data 2 de outubro de 2007, acordouse prestar aprobación inicial ao proxecto de urbanización presentado pola mercantil Promociones Conslayca, S.L., para a apertura de novo vial en Vilar Vilalonga-Sanxenxo, de conformidade coa documentación técnica presentada, redactada polo arquitecta Dª Alicia Gómez Bala, con visado do Colexio Oficial de arquitectos de Galicia do 06/09/06, planos modificados con visado do 11/12/06 e separata con visado do 11/05/07 e por último, reformado do proxecto de urbanización, redactado pola mesma arquitecta e con visado do 27/08/07.

Sométese o acordo e o proxecto, a información pública durante o prazo de 20 días, a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos de que poidan ser examinados e, de ser o caso, presentar as alegacións procedentes.

Este anuncio suple ás circunstancias que poidan concorrer ao respecto do disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Sanxenxo, 11 de outubro de 2007.—A Presidenta, Catalina González Bea. **2007011661**

* * *

GONDOMAR

Resolución da Alcaldía

Publicadas as bases, a convocatoria, a lista definitiva de admitidos/excluídos e a composición do tribunal, así como efectuado o tallaxe e recoñecemento médico, para a provisión dunha Praza de Garda da Policia Local, encadrada na escala de Administración Especial, subescala de Servizos Especiais, esta Alcaldía en exercicio das súas atribucións, REVOLVE:

PRIMEIRO.—Declarar os seguintes opositores como aptos unha vez realizada a tallaxe e o recoñecemento médico:

- 1.—ALONSO MARTÍNEZ, DIEGO
- 2.—FERNÁNDEZ RODRIGUEZ, PABLO
- 3.—GONZÁLEZ ÁLVAREZ, FERNANDO
- 4.—GONZÁLEZ BURGO, JOSÉ ANTONIO
- 5.—GONZÁLEZ PÉREZ, MARCOS
- 6.—LÓPEZ SANJORGE, JAIME
- 7.—PENÍN RODRÍGUEZ, FÉLIX
- 8.—ROCA BARCIA, ABRAHAM
- 9.—RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, CRISTINA

SEGUNDO.—Designar a D. Xosé A. Pedrido Fernández, Técnico Deportivo do Concello de Gon-

domar, asesor especialista do tribunal cualificado para as probas físicas.

TERCEIRO.—Comunicar ós opositores que o Tribunal acordou o 23 de novembro de 2007, data da súa constitución, elimina-la proba que figura no punto 1º da cláusula terceira das bases específicas (páxina 63 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 13 de 18 de xaneiro de 2007) baixo a denominación de “Abdominales e lumbares”, por existir duplicidade na explicación da citada proba, en relación coa que figura no punto 6º da relación de probas baixo a denominación de “Flexións”. Deste xeito, as probas que se realizarán son as que figuran do punto 2º ó 6º “Velocidade”, “Resistencia”, “Salto de lonxitude sen carreira”, “Salto de altura” e “Flexións”.

CUARTO.—Convocar ós opositores declarados aptos, á realización das probas físicas que terán lugar o luns día 17 de decembro de 2007, ás 10.00 horas, nas Pistas de Atletismo da Universidade de Vigo (Teléfono de contacto: 676-49.33.74). Os aspirantes deberán vir provistos de D.N.I. e roupa deportiva; podendo empregar o calzado deportivo que consideren conviente, tendo en conta que algunha das probas será realizada en superficie de tartán.

QUINTO.—Sinalar que o resto das exercicios da oposición se publicarán no Taboleiro de Edictos do Concello de Gondomar, ó que se fai público para xeral coñecemento e ós efectos previstos nas bases da convocatoria.

Gondomar, 27 de novembro de 2007.—O Alcalde, X. Antonio Araújo Quintas.—Dou fe, a Secretaria, Nuria Lobato del Río. **2007011650**

* * *

PORTAS

E D I C T O

Aprobación definitiva do Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2007

Ao non presentarse reclamación durante o período de exposición pública contra a aprobación inicial do Orzamento Xeral de Portas para o exercicio 2007, considerase definitivamente aprobado, elevándose a definitivo, por precepto legal integrado no articulado do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o acordo plenario adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 5 de outubro de 2007, correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se sinalan segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS (€)

A) OPERACIÓNS CORRENTES:

Capítulo 1.- Gastos de persoal	750.640,11
Capítulo 2.- Gastos en bens correntes e servizos	554.452,35
Capítulo 3.- Gastos financeiros	22.000,00
Capítulo 4.- Transferencias correnles	248.147,16

B) OPERACIÓNS DE CAPITAL:

Capítulo 6.- Inversións reais	654.713,93
Capítulo 8.- Activos financeiros	1.803,00
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	67.065,32
TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS	2.298.821,87

ESTADO DE INGRESOS (€)

A) OPERACIÓNS CORRENTES:

Capítulo 1.- Impostos directos	327.000,00
Capítulo 2.- Impostos indirectos	50.000,00
Capítulo 3.- Taxas e outros ingresos	198.380,00
Capítulo 4.- Transferencias correntes	1.205.460,95
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	3.000,00

B) OPERACIÓNS DE CAPITAL:

Capítulo 6.- Enaxenación de inversiones reais	35.036,25
Capítulo 7.- Transferencias de capital	456.875,43
Capítulo 8.- Activos financeiros	1.903,00
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	78.872,00
TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS	2.356.527,63

Na devandita sesión, acordouse aproba-lo cadre de persoal e maila relación de postos de traballo, que é a seguinte:

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

Denominación	Nº	Grupo	C. Destino
Secretario-Interventor	1	A/B	26
Administrativo	1 (vacante)	C	22
Auxiliar Administrativo	1	D	18
Conserxe Colexio	1	E	14

B) PERSOAL LABORAL FIJO

Denominación	Nº	Xornada
Asistente Social (nova creación)	1	Completa
Axente de Emprego e D.L. (nova creación)	1	Completa
Operarios Servizos Municipais (nova creación)	3	Completa

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Denominación	Nº	Xornada
Asistente social (a extinguir)	1	Completa
Axente de Emprego e D.L. (a extinguir)	1	Completa
Operarios Servizos Municipais (a extinguir)	3	Completa
Limpadoras	4	Parcial
Axuda a domicilio	3	Parcial
Bibliotecaria	1	Completa
Educadora Familiar	1	Parcial

Portas, a 19 de novembro de 2007.—O Alcalde, Roberto Vázquez Souto. **2007011089**

* * *

VILANOVA DE AROUSA

Contratación de subministro de material informático non inventariable

1. ENTIDADE ADXUDICADORA:

- a) Organismo: Concello de Vilanova de Arousa.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Contratación.

2. OBXECTO DO CONTRATO

Subministro de diverso material informático non inventariable para as oficinas dependentes do Concello de Vilanova de Arousa.

3. TRAMITACIÓN, PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

- a) Tramitación: ordinaria.
- b) Procedimento: aberto.
- c) Forma: concurso.

4. PRESUPUESTO

Importe total: 12.020,24 €.

5. GARANTÍAS

- a) Provisoria: non se esixe.
- b) Definitiva: 4% do prezo de adxudicación.

6. DURACIÓN:

1 ano.

7. OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN:

- a) Entidade: Concello de Vilanova de Arousa.
- b) Enderezo: Avda. González Besada, s/n.
- c) Localidade e Código Postal: Vilanova de Arousa, 36620.
- d) Teléfono: 986 554 021 / 986 554 082.
- e) Fax: 986 554 069.
- f) Data límite de obtención de documentos e información: ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

8. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

- a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados a partires do seguinte ao da súa publicación no BOP de Pontevedra.
- b) Documentación a presentar: a que se indica no prego de condicións querexerá na contratación.
- c) Lugar de presentación: no Rexistro Xeral do Concello de Vilanova de Arousa. Tamén se poderá presentar por calquera das outras formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Jurídico das AAPP e do Procedemento Administrativo Común, de 9 a 15 horas en días hábiles.

9. APERTURA DE OFERTAS

- a) Entidade: Concello de Vilanova de Arousa.
- b) Data e hora: no prazo de 5 días hábiles seguintes a aquél en que remate o prazo de presentación de proposicións ás 12 horas.

10. GASTOS DE ANUNCIOS

O adxudicatario terá a obriga de pagar todos os gastos producidos pola publicación de anuncios derivados deste contrato.

Vilanova de Arousa, 11 de outubro de 2007.—O Alcalde, Gonzalo Durán Hermida.—O Secretario, Javier Bouzada Romero. **2007010135**

* * *

CANGAS

E D I C T O

Aprobados definitivamente polo Pleno deste Concello sendos expedientes de modificación orzamentaria por suplemento de crédito 1/07 e transferencia de créditos 7T/07, por acordo adoptado en data 30 de novembro de 2007, e en cumprimento do que dispón o artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, 2/2004 de 5 de marzo, faise público que, trala modificación operada, o orzamento de gastos, resumido por capítulos, resulta como sigue:

ESTADO DE GASTOS

Cap. 1 GASTOS DE PERSONAL	8.384.564,38
Cap. 2 GASTOS EN BIENES CORRIENTES Y SERVICIOS	3.059.509,33
Cap. 3 GASTOS FINANCIEROS	273.900,00
Cap. 4 TRANSFERENCIAS CORRIENTES	590.738,02
Cap. 6 INVERSIONES REALES	12.474.067,58
Cap. 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	278.616,32
Cap. 9 PASIVOS FINANCIEROS	489.063,85
TOTAL	25.550.459,48

ESTADO DE INGRESOS

Cap. 1 IMPUESTOS DIRECTOS	3.624.479,30
Cap. 2 IMPUESTOS INDIRECTOS.....	1.094.032,04
Cap. 3 TASAS Y OTROS INGRESOS	4.032.828,65
Cap. 4 TRANSFERENCIAS CORRIENTES	6.596.010,02
Cap. 5 INGRESOS PATRIMONIALES.....	25.000,00
Cap. 6 ENAJENACIÓN DE INVERSIONES REALES	5.652.787,92
Cap. 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	3.654.369,50
Cap. 9 PASIVOS FINANCIEROS	870.952,05
TOTAL	25.550.459,48

Cangas, 3 de decembro de 2007.—A Alcaldesa, Clara Millán González. **2007011605**

CAMBADOS

No B.O.P. nº 60 de 26 de marzo de 2007 se publicaron as bases que rexerán a convocatoria de diversas prazas de persoal funcionario e laboral incluídas na Oferta de Emprego Público para 2006. Interposto recurso contra as mesmas. Interposto recurso contra as mesmas, por Resolución da Alcaldía de 22.06.2007 se acordou modificar as bases correspondentes a unha praza de Suboficial da Policía Local e a unha praza de Cabo da Policía Local, que quedan redactadas como se indica de seguido polo que se procede á publicación do texto íntegro das bases aprobadas no Boletín Oficial da Provincia e un extracto no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado, abríndose un novo prazo de 20 días naturais para a presentación de solicitudes que se computará a partir do día seguinte ó da inserción do anuncio no Boletín Oficial do Estado:

1 PRAZA DE SUBOFICIAL DA POLICÍA LOCAL DE CAMBADOS

PRIMEIRA.—NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS.—Convócase unha praza de suboficial da policía local, integrada no grupo C da clase de policía local, subescala de servizos especiais da escala de administración especial, dotada coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo e as complementarias asignadas ao posto de traballo ó que se adscriba a praza..—Figura incluída no réxime de dedicación exclusiva.

SEGUNDA.—SISTEMA DE SELECCIÓN.—De conformidade co establecido no artigo 23 da Lei 3/1992 de Polícias Locais de Galicia, a Praza de Suboficial da Policía Local, cubrirase a través do sistema de oposición libre.

TERCEIRA.—CONDICIÓNDS DOS ASPIRANTES.—Ademais das condicións sinaladas nas bases xerais os aspirantes á praza de suboficial da policía local deberán reunir os seguintes requisitos:

- 1) Ser español.
- 2) Ter cumplidos os 18 anos de idade.
- 3) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das correspondentes funcións. Este requisito deberá acreditarse antes da toma de posesión do posto de traballo polos aspirantes que resulten seleccionados.
- 4) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais e non atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- 5) Non atoparse incurso nalgúnha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determina a legislación vixente.
- 6) Estar en posesión do título de Bacharelato superior, Formación Profesional de 2º Grao,

ciclo formativo de Grao Superior ou equivalente. Cando se aleguen equivalencias de títulos, achegaranse polos aspirantes que resulten seleccionados, certificacións para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia ou do Ministerio de Educación e Cultura, segundo proceda.

- 7) Ser titular do permiso de conducir das clases A e B con autorización BTP.
- 8) Ter unha altura mínima de 1,65 metros, as mulleres e 1,70 metros os homes.
- 9) Compromiso de portar armas, e, de se-lo caso, chegar a utilizaras, que se presentará mediante declaración xurada e por escrito.
- 10) Certificado médico no que se acredite a aptitude física do aspirante para a realización dos exercicios físicos da oposición. A presentación deste certificado non excluirá comprobacións posteriores sobre a aptitude física do aspirante.

CUARTA-EXERCICIOS DA FASE DE OPOSICIÓN.—A) Primeiro Exercicio, probas de aptitude física de carácter obligatorio e eliminatorio.—Previamente ó seu inicio o Tribunal deberá proceder a comprobar que os/as aspirantes cumpren o requisito do apartado e), da base Terceira.

“Condicións dos aspirantes”, destas bases específicas; e declarará eliminados/as a quen non os cumplan.

Aqueles aspirantes que acrediten ter a condición de funcionario de carreira da Policía Local de calquera Concello e que teñan superado as correspondentes probas físicas para o seu ingreso no corpo da Policía Local estarán exentos de realizar este exercicio, sendo declarados como aptos.

Esta proba, que terá execución pública, consistirá na realización de todos e cada un dos exercicios descritos nesta base. Para a súa práctica os/as aspirantes deberán presentarse provistos de vestimenta deportiva, e entregarán ó Tribunal un certificado médico no que se faga constar que reúne as condicións físicas adecuadas para a súa realización. A non presentación deste certificado médico determinará a exclusión do/a aspirante do proceso selectivo. O certificado médico deberá expedirse con data posterior á publicación da resolución que determine a data para a celebración das probas físicas.

A cualificación das probas de aptitude física será de apto ou non apto, quedando eliminados/as os aspirantes que non superen todas e cada unha das seguintes probas na forma establecida:

- 1) *Proba de velocidade.*—Co obxectivo de medir a velocidade de translación en carreira sobre terreo plano. Consistirá nunha carreira de 100 metros sobre superficie lisa, plana e dura, permitíndose un só intento, no tempo máximo de 14,00 segundos para os aspirantes masculinos e 16,00 segundos

para os aspirantes femininos.

2) *Proba de resistencia.*—Consistirá en realizar unha carreira de 1.000 metros, nun só intento, sobre superficie lisa, plana e dura, nun tempo máximo de 3 minutos e 20 segundos para os homes e de 3 minutos e 50 segundos para as mulleres.

3) *Proba de potencia do tren superior.*—Consistirá en realizar, nun só intento, doce (12) flexións os homes e catro (4) flexións as mulleres en barra horizontal.

O ou a aspirante realizará as flexións, situado baixo a barra en suspensión pura e coa palma das mans cara a diante, ata superar a altura da barra co queixo e volver á posición inicial; non se permitirán balanceos nin extensións incompletas dos brazos.

4) *Proba de potencia do tren inferior.*—Consistirá nun salto de lonxitude a pés xuntos e sen carreira cunha distancia mínima de 2,30 metros para os homes e 2 metros para as mulleres, admitíndose dous intentos. Tomarase como medida desde a liña de inicio ata o sinal máis atrasado do salto.

5) *Gabea corda.*—Consistirá en subir unha corda de 5 metros sen soltarse, sen axudarse coas pernas nin dar impulsos ó inicio da proba (ha de partir de parado/a). As mulleres poden axudarse coas pernas sen dar impulso ó inicio da proba.

O Tribunal resérvase a posibilidade, se o estima oportuno, de realizar probas de control antidoping.

B) *Segundo Exercicio, obligatorio e eliminatorio.*—**PROBA DE COÑECIMENTOS.**—Consistirá en desenvolver por escrito, no prazo máximo de dúas horas, un cuestionario, tipo test, de 100 preguntas con respuestas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria. Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non puntuándose as non contestadas.

A puntuación deste exercicio será de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter como mínimo unha cualificación de 5 puntos

C) *Terceiro Exercicio, obligatorio e eliminatorio.*—**SUPOSTO PRÁCTICO.**—Consistirá na resolución, durante un prazo máximo de tres horas, do suposto ou supostos prácticos que o Tribunal determine, e que estarán relacionados cos labores e funcións da praza convocada e materias da totalidade do programa; os aspirantes poderán consultar textos legais e coleccións lexislativas sen formularios. Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razonada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados. Os aspirantes terán ampla liberdade no tocante á forma de exposición valorándose a formación xeral, a claridade de ideas, así como o rigor e precisión na exposición.

A puntuación deste exercicio será de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter como mínimo unha cualificación de 5 puntos.

D) *Cuarto Exercicio, obligatorio e eliminatorio.*—**DEFENSA DUNHA MEMORIA E PROXECTO PROFESIONAL.**—Terá unha duración máxima de 30 páxinas, en formato DIN A 4, escrita a dobre espazo, e que versará sobre a organización e funcionamento da policía local do Concello de Cambados. A memoria deberá presentarse no termo de 10 días unha vez publicadas as cualificacións correspondentes ao terceiro exercicio.

A puntuación deste exercicio será de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter como mínimo unha cualificación de 5 puntos.

E) *Quinto Exercicio, obligatorio e non eliminatorio,* sobre **COÑECIMENTO DO IDIOMA GALEGO** para aspirantes non exentos.—Consistirá en traducir do castelán para o galego, sen axuda de diccionario, nun tempo máximo de trinta minutos, un texto elixido polo Tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio. A tradución será lida polo aspirante ante o Tribunal. Neste exercicio valorarase a corrección da traducción e a pronuncia da lingua galega.

A cualificación deste exercicio será de apto o non apto, cualificándose como aptos ós aspirantes que acrediten a exención

F) *Sexto Exercicio, de carácter voluntario e non eliminatorio.*—Consistirá nunha proba de coñecemento práctico a nivel usuario do entorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática e de utilidades de internet en dito contorno (navegación, correo electrónico, etc.), no tempo que estableza o Tribunal.

Este exercicio puntuará entre 0 e 2 puntos.

G) *Sétimo Exercicio, obligatorio e eliminatorio.*—Recoñecemento médico, no centro que se lle indique polo que se certifique que o aspirante non está incurso en ningunha das exclusións médicas recollidas no cadre que figura na base oitava desta convocatoria.—A cualificación deste exercicio será de apto e non apto.

H) *Sexto Exercicio, obligatorio e eliminatorio.*—**PSICOTÉCNICO.**—Comprobará que a aptitude e os trazos de personalidade dos aspirantes son os máis adecuados á función policial e ao exercicio do mando, podendo realizarse para isto un test de intelixencia xeral e/ou de aptitudes, unha entrevista persoal ou un cuestionario de personalidade normalizado. Cualificarse con apto ou non apto.

SEXTA.—PRÁCTICAS E CURSO DE FORMACIÓN.—1.—Para o ingreso na praza de suboficial como funcionario de carreira, o aspirante seleccionado deberá de superar un curso de formación teórico-práctico na Academia Galega de Seguridade Pública durante o período e forma que estableza a dirección do citado centro.

2.—O aspirante que supere o proceso de selección será nomeado funcionario en prácticas durante un período non superior a 3 meses. Este período de prácticas será valorado pola Alcaldía tralo informe do Xefe da Policía Local na que realice as prácticas, debendo obter a cualificación de "apto" para superalos. Na valoración terase en conta o interese demostrado e o comportamento. Superado o período de prácticas será nomeado funcionario de carreira. Se o aspirante non obtivese a cualificación de apto considerarase que non superou o proceso selectivo e non será nomeado funcionario de carreira.

SÉTIMA.—PROGRAMA ANEXO DA CONVOCATORIA

PARTE XERAL

- 1.—A constitución. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais. A protección dos dereitos fundamentais. O recurso de amparo.
- 2.—O Estatuto de autonomía de Galicia. Principios xerais. A Xunta de Galicia e o seu presidente. A Lei de normalización lingüística de Galicia. A Lei de uso do galego polas Corporacións locais.
- 3.—O Poder Xudicial. Organización da administración de xustiza en España: ordes xurisdicionais, clases de órganos xurisdicionais e as súas funcións. O Consello Xeral do Poder Xudicial.
- 4.—O municipio: organización e competencias. Servizos mínimos
- 5.—O Goberno municipal: clases de órganos. O Pleno da Corporación. O Alcalde. A Xunta de Goberno Local. As Comisións Informativas. Os Tenentes de Alcalde.
- 6.—A función pública local e a súa organización. Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais. Clasificación dos funcionarios locais e as súas funcións. Adquisición e perda da condición de funcionario.
- 7.—Procedemento administrativo. Concepto. Fases do procedemento. Os recursos administrativos.
- 8.—O delitos e a falta penal. Clases. Autoría e participación. Circunstancias eximentes. Atenuantes e agravantes. Persoas responsábeis. As penas.
- 9.—Delitos contra as persoas. O homicidio e as súas formas. As lesións.
- 10.—Detencións ilegais e secuestros. As ameazas. Os dereitos do detido.
- 11.—Torturas e outros delitos contra a integridade moral.
- 12.—Allanamento de morada, domicilio de persoas xurídicas e establecementos abertos ao público. A inviolabilidade do domicilio e o delitos flagrante.
- 13.—Delitos contra o patrimonio das persoas e contra a orde socio-económica. Roubos. Extorsións.

- 14.—Delitos contra a ordenación do territorio, a protección do Patrimonio Histórico e do medio ambiente.
- 15.—Delitos de prevaricación dos funcionarios públicos. Falsificación de documentos públicos. Falsificación de certificados. Cofeito e tráfico de influencias. Falsa testemuña.
- 16.—Delitos dos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.
- 17.—Abandoo do destino. Omisión do deber de seguir os delitos. Desobediencia e denegación de auxilio.
- 18.—Atentados contra a autoridade, os seus axentes e funcionários públicos. Resistencia e desobediencia. Desordes públicos.
- 19.—Delitos contra a liberdade sexual. Agresións sexuais, abusos sexuais e acoso sexual. Violencia contra a muller. Casas de acollida e asistencia social nos concellos.
- 20.—A iniciación do proceso penal. A denuncia e a querela. Persoas obrigadas a denunciar. Formalidades da denuncia e os seus efectos. A identificación das persoas. O atestado policial.

PARTE ESPECÍFICA

- 21.—Competencias dos municipios en materia de tráfico e circulación.
- 22.—Normas xerais de circulación.
- 23.—Normas sobre bebidas alcohólicas e consumo de estupefacientes. Alcohólema e tráfico, normativa.
- 24.—Os sentidos de circulación. A prioridade do paso. Cambio de dirección, de sentido e de marcha atrás. Adiantamento, parada e estacionamento. Cinturón, casco e outros elementos de seguridade.
- 25.—Lei 5/2000 reguladora da responsabilidade penal do menor: ámbito de aplicación. Detención de menores. Medidas cautelares. Dereitos e deberes dos menores internados. Responsabilidade civil.
- 26.—Sinais. Formatos. Tipos. Significado e prioridade.
- 27.—Permisos de circulación e autorizacións relativas os vehículos. Anulación, revogación e intervencións de autorizacións.
- 28.—Infraccións. Sancións e medidas cautelares.
- 29.—Procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación e seguridade vial. Recursos, prescripción e cancelación de antecedentes e execución das sancións.
- 30.—Delitos contra a seguridade do tráfico.
- 31.—Delitos de denegación de auxilio.
- 32.—A Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade. A Lei de coordinación de policías locais de Galicia.

- 33.—Principios básicos de actuación da policía local. Funcións da policía local e responsabilidades e funcións asinadas ó suboficial.
- 34.—A función preventiva da policía. A policía comunitaria: necesidades e funcións. Protección de persoas e seguridade en edificios. Control policial de masas. Actuacións policiais en situacións de emerxencia. A protección civil. Competencias dos concellos en materia de protección civil. Os plans de emergencia municipal.
- 35.—Dereitos e deberes dos funcionarios da policía local.
- 36.—Armamento e medios defensivos da policía local. Regulamento de armas. Clases. Documentación e licenzas. A uniformidade.
- 37.—Réxime disciplinario: disposicións xerais. Faltas disciplinarias e sancións. Procedemento disciplinario. O conduto regulamentario e o saúdo.
- 38.—Accidentes de tráfico. Investigación de accidentes. Clases de accidentes de tráfico. Informes, atestados e práctica de dilixencias.
- 39.—As ordenanzas municipais, bandos e acordos dos órganos de goberno. Referencia ás ordenanzas vixentes no Concello de Cambados.
- 40.—Breve descripción do termo municipal de Cambados. Principais vías urbanas, monumentos e lugares de interese cultural, artístico, deportivo e turístico da cidade. Centros oficiais.

OITAVA.—EXCLUSIÓN MÉDICAS.—1.—Exclusións circunstanciais.—Enfermidades ou lesións agudas activas no momento do recoñecemento que poidan producir secuelas capaces de dificultar ou impedir o desempeño das súas funcións policiais.

Nestes casos o Tribunal médico poderá fixar un novo prazo para comprobar o estado de saúde do/a aspirante, ao final do cal o propio Tribunal certificará se desapareceron os motivos da exclusión circunstancial.

2..—Exclusións definitivas.—2.1.—Ollo e visión:

2.1.1. Agudeza visual sen corrección inferior aos dous terzos da visión normal en ambos os dous ollos.

2.1.2. Queratotomía radial.

2.1.3. Desprendemento de retina.

2.1.4. Estrabismo.

2.1.5. Hemianopsias.

2.1.6. Discromatopsias.

2.1.7. Calquera outro proceso patolóxico que, a xuízo do Tribunal médico, dificulte de maneira importante a agudeza visual.

2.2. Oído e audición.—Agudeza auditiva que supóna unha perda entre 1.000 e 3.000 hercios a 35 decibelios, ou de 4.000 hercios a 45 decibelios.

2.3.—Outras exclusións:

2.3.1.—Aparello locomotor.—Alteracións do aparello locomotor que limiten ou dificulten o des-

envolvemento da función policial, ou que poidan agravarse, a xuízo do Tribunal médico, co desempeño do posto de traballo. (Patoloxía ósea de extremitades, retraccións ou limitacións funcionais de causa muscular ou articular, defectos de columna vertebral e outros procesos óseos, musculares e articulares).

2.3.2.—Aparello dixestivo.—Ulcera gastro-duodenal e calquera outro proceso dixestivo que, a xuízo do Tribunal médico, dificulte o desenvolvemento do posto de traballo.

2.3.3. Aparello cardiovascular. Hipertensión arterial de calquera causa, non debendo sobrepassar as cifras en repouso de 145mm/hg en presión sistólica, e 90 mm/hg en presión diastólica; varices ou insuficiencia venosa periférica, así como, calquera outra patoloxía ou lesión cardiovascular

que, a xuízo do Tribunal médico, poida limitar o desenvolvemento do posto de traballo.

2.3.3.—Aparello cardiovascular.—Hipertensión arterial de calquera causa, non deberá sobrepassar as cifras en repouso de 145mm/hg en presión sistólica, e 90 mm/hg en presión diastólica; varices ou insuficiencia venosa periférica, así como, calquera outra patoloxía ou lesión cardiovascular

que, a xuízo do Tribunal médico, poida limitar o desenvolvemento do posto de traballo.

2.3.4.—Aparello respiratorio.—Asma bronquial, a broncopatía crónica obstructiva, o neumotórax espontáneo (en máis de unha ocasión), a tuberculose pulmonar activa e outros procesos do aparello respiratorio que dificulten o desenvolvemento da función policial.

2.3.5.—Sistema nervioso.—Epilepsia, depresión, xaquecas, tremor de calquera causa, alcoholismo, toxicomanías e outros procesos patolóxicos que dificulten o desenvolvemento da función policial.

2.3.6.—Pel e faneras.—Psoriase, eccema, cicatrices que produzán limitación funcional e outros procesos patolóxicos que dificulten ou limiten o desenvolvemento da

función policial.

2.3.7.—Outros procesos patolóxicos.—Diabete, enfermidades transmisíbeis en actividade, enfermidade de transmisión sexual, enfermidades inmuno-lóxicas sistémicas, intoxicacións crónicas, hemopatías graves, malformacións conxénitas, psicose e calquera outro proceso patolóxico que a xuízo do Tribunal médico, limite ou incapacite para o exercicio da función policial.

Respecto á exclusión por toxicomanía ou alcoholismo, á que se refire o apartado 2.3.5., procederse no primeiro caso, se se comproba a existencia de metabolitos de drogas de abuso, e no segundo caso, se se detecta unha cantidade de alcohol no sangue superior a 0,5 gr/dl.

1 PRAZA DE CABO DA POLICÍA LOCAL DE CAMBADOS

PRIMEIRA.—NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS.—Convócase unha praza de Cabo da Policía Local, integrada no grupo D da clase de Policía Local, Subescala de servizos especiais da Escala de administración especial, dotada coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo e as complementarias asignadas ao posto de traballo ao que se adscriba a praza. Figura incluída no réxime de dedicación exclusiva.

SEGUNDA.—SISTEMA DE SELECCIÓN.—De conformidade co establecido no artigo 25.5 da Lei 3/1992 de Polícias Locais de Galicia, a Praza de Cabo da Policía Local, cubrirase a través do sistema de concurso de méritos entre aqueles funcionarios da Policía Local de Cambados coa categoría de Garda e que teñan prestado servizo durante cando menos dous anos no devandito posto.

TERCEIRA.—CONDICIÓNDS DOS ASPIRANTES.—Ademais das condicións sinaladas nas bases xerais os aspirantes á praza de cabo da policía local deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ocupar un posto de garda no cadro de persoal da Policía local de Cambados, cun mínimo de dous anos de antigüidade nese cargo.
- Estar na posesión do permiso de conducción de vehículos clases A e B, con autorización BTP.

CUARTA.—FASE DE CONCURSO.—Consistirá na valoración dos méritos e circunstancias profesionais dos aspirantes de acordo co baremo especificado no Anexo I do Decreto 204/2000, de 21 de xullo, tendo en conta que dentro do apartado da “valoración profesional”, o informe do Concello sobre a traxectoria profesional establecerase do seguinte xeito:

1.—O Tribunal establecerá a puntuación recollida no dito anexo, logo de ler os informes dos aspirantes facilitados, individualmente, polo Xefe da policía.

2.—Os aspirantes realizarán un proxecto na presencia do Tribunal cualificador, que este avaliará posteriormente. O tempo máximo para a realización do dito proxecto será dunha hora.

Resultará aprobado o aspirante que acade a maior puntuación, que será proposto polo Tribunal á Alcaldía-presidencia para o seu nomeamento, unha vez superado o correspondente curso de aptitude na Academia Galega de Seguridade.

QUINTA.—PRÁCTICAS E CURSO DE FORMACIÓN.—1.—Para o ingreso na praza de Cabo como funcionario de carreira, o aspirante seleccionado deberá de superar un curso de formación teórico-práctico na Academia Galega de Seguridade Pública durante o período e forma que estableza a dirección do citado centro.

2.—O aspirante que supere o proceso de selección será nomeado funcionario en prácticas durante un período non superior a 3 meses. Este período de prácticas será valorado pola Alcaldía tralo informe do Xefe da Policía Local, debendo obter a cualificación de “apto” para superalo.

Na valoración terase en conta o interese demostrado e o comportamento. Superado o período de prácticas será nomeado funcionario de carreira. Se o aspirante non obtivese a cualificación de apto considerarase que non superou o proceso selectivo e non será nomeado funcionario de carreira.

Cambados, a 21 de novembro de 2007.—O Alcalde accidental.—Luis Aragunde Aragunde.

2007011533

* * *

A LAMA

E D I C T O

Formulada e rendida a Conta Xeral do orzamento municipal correspondente ao exercicio de 2006 e informada pola Comisión Especial de Contas, expone ao público na Secretaría do Concello cos documentos que a xustifican, polo prazo de quince días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación do presente edito no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinada e formalarse os reparos e observacións que se estimen pertinentes durante o citado prazo de exposición e os oito días seguintes, de conformidade co disposto polo artigo 212.3 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Lama, 23 de novembro de 2007.—O alcalde, Jorge Canda Martínez.

2007011548

* * *

VILAGARCÍA DE AROUSA

A N U N C I O

Aprobación definitiva da Ordenanza Municipal Reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rehabilitación integrada dos núcleos de Carril e vilaxoán

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 30 de agosto de 2007, aprobou inicialmente a Ordenanza municipal reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas nas Áreas de Rehabilitación Integrada dos Núcleos de Carril e Vilaxoán, procedendo a continuación á exposición pública do expediente, previo o anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia de data 13 de setembro de 2007, polo prazo de trinta días, sen se presentaran alegacións ou reclamacións.

Polo tanto, atópase aprobado definitivamente a Ordenanza citada.

Procedese a publicar o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto no art.49 da Lei 7/85, do 2 de abril.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I. En desenvolvemento dos convenios asinados entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vilagarcía de Arousa, regúlanse nesta ordenanza os criterios e procedementos que cómpre seguir para acceder ás axudas públicas destinadas á rehabilitación de edificios e vivendas nos núcleos orixinares de Carril e Vilaxoán.

II. Os programas de actuación subvencionados abranguen a rehabilitación de vivendas e edificios e os seus elementos comúns. Con eles téntase estimular a rehabilitación integral dos núcleos históricos, tanto na súa dimensión física como na da súa necesaria revitalización social, económica e cultural.

III. Con carácter xeral, poderán acollerse ás subvencións previstas nesta ordenanza aquelas actuacións de rehabilitación de inmóbeis que se atopen situados dentro da Área de Rehabilitación Integrada (ARI) dos núcleos de Carril e Vilaxoán e sexan conformes ás condicións e limitacións establecidas normativamente. As prioridades para seleccionar as solicitudes de intervención e as contías máximas das subvencións estabelécense procurando desincentivar o baleirado dos edificios e favorecer a instalación de usos permitidos nas plantas baixas, a conservación ou aumento do número de vivendas, a adecuación a casos de minusvalías e a atención aos supostos de insolvencia económica. En todo caso, para garantir unha xusta distribución dos fondos dispoñíbeis, as administracións públicas implicadas estudarán de forma coordinada e conxunta cada solicitude individual de rehabilitación.

IV. Por outra banda, para garantir a efectiva revitalización dos usos residenciais e contribuir á súa diversificación funcional, a ordenanza esixe o compromiso formal de habitar as vivendas rehabilitadas, xunto á presentación do resto da documentación alí prevista.

VI. Na redacción desta ordenanza tívose en conta o disposto na vixente Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aplicábel ás entidades que integran a Administración Local e, en tanto que norma reguladora das bases de concesión das subvencións, nela concrétanse os extremos indicados no seu artigo 17.3.

CAPÍTULO PRIMEIRO

DISPOSICIÓN XERAIS E COMÚNS

ARTIGO 1. OBXECTO

1. Esta ordenanza regula o desenvolvemento e execución dos convenios subscritos entre o Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vilagarcía de Arousa en materia de actuacións nas Áreas de

Rehabilitación Integrada (ARI) dos núcleos de Carril e Vilaxoán, dentro do marco establecido polo Real Decreto 801/2005, do 1 de xullo, polo que se aproba o Plan Estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, e o Decreto 18/2006, do 26 de xaneiro, polo que se estableceron axudas públicas en materia de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Ademais, esta ordenanza será de aplicación ao desenvolvemento dos sucesivos convenios que se subscrivan entre o Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vilagarcía de Arousa, no marco de futuros plans de vivenda e solo.

ARTIGO 2 . PRINCIPIOS XERAIS.

A xestión das subvencións reguladas nesta ordenanza realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación; así como de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e rexerase polas seguintes normas:

1.—Pola Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e normas concordantes.

2.—Polas presentes normas.

3.—Pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, nos aspectos non previstos nas anteriores normas.

4.—Polas bases de execución dos orzamentos do Concello.

ARTIGO 3. CARÁCTER DAS AXUDAS

1. As axudas previstas nestas Normas, terán o carácter de subvención a fondo perdido e serán outorgadas polo procedemento de concorrencia competitiva con convocatoria aberta e poderán acollerse a elas calquera das actuacións consignadas ou previstas na normativa aplicable en cada momento.

2. As axudas serán concedidas tendo en conta os informes técnicos emitidos pola Portelo Único de Vivenda en Vilagarcía de Arousa.

3. Exclúense das axudas os proxectos que supoñan o derrubamento total da edificación ou aqueles derrubamentos que supoñan máis do 40% do volume da edificación existente.

ARTIGO 4. ÁMBITO TERRITORIAL

1. O ámbito territorial desta ordenanza é o da Área de Rehabilitación Integrada (ARI) do núcleo de Carril, declarada por Acordo da Conselleira de Vivenda e Solo, de data 02.03.2007; e o da Área de Rehabilitación Integral (ARI) do núcleo de Vilaxoán, declarada por Acordo da Conselleira de Vivenda e Solo, de data 02.03.2007. Poderán establecerse novos ámbitos de aplicación a outras áreas de rehabilitación, logo de se aprobaron polo procedemento establecido para o efecto.

2. Para a concesión das axudas económicas obxecto das presentes bases, terán preferencia en primeiro lugar os edificios sitos nas rúas nas que se realicen actuacións de infraestructuras e reurbanización polo Concello de Vilagarcía de Arousa o amparo dos Acordos da Comisión bilateral celebrados en data de 23 de abril de 2007 relativos as areas de rehabilitación integral dos núcleos de Carril e Vilaoán.

3. En casos excepcionais, este Concello, logo do informe previo dos técnicos responsábeis do Portelo Único de Vivenda, poderá modificar ou alterar as condicións de preferencia fixadas, motivándoo debidamente no correspondente expediente.

ARTIGO 5. TIPOS DE ACTUACIÓN

1.—As vivendas rehabilitadas obxecto dos distintos tipos de actuacións subvencionadas a través destas bases destinaranse a residencia habitual e permanente do propietario ou, de ser o caso, do inquilino durante un prazo mínimo de cinco anos dende a finalización das obras.

2.—As disposicións desta ordenanza serán de aplicación ás seguintes actuacións:

a) Rehabilitación de edificios. Actuacións de conservación, restauración, rehabilitación, remodelación, reestruturación, baleirados parciais e derrubamentos parciais en edificios con uso residencial que comporten o acaemento estrutural e funcional dos devanditos edificios.

b) Rehabilitación de vivendas e actuacións para o acaemento das condicións de habitabilidade das vivendas en edificios residenciais. As actuacións en vivendas deberán atender prioritariamente á mellora das condicións de habitabilidade relativas á distribución interior, instalacións de auga, electricidade, ventilación, iluminación natural e aireación, illamento térmico, servizos hixiénicos e instalación de cociña ou doutros servizos de carácter xeral.

c) Actuacións nos elementos comúns das edificacións e de mellora e conservación dos elementos que demandasen os valores históric- artísticos, arquitectónicos e/ou ambientais. Dentro destas actuacións entenderanse incluídas:

- A instalación de ascensores.
- As instalacións para a detección e preventión de incendios e habilitación de vías de evacuación.
- A supresión de antenas individuais e instalación de antenas colectivas.

O acaemento de accesos e circulación para uso de minusválidos.

CAPÍTULO SEGUNDO

FINALIDADE DAS AXUDAS

ARTIGO 6. CONFORMIDADE CO PLANEAMENTO

1.—Os inmóbeis e os usos para os que se soliciten as axudas deberán ser conformes coas determinacións da normativa aplicábel en cada momento ou ben acadar a súa conformidade unha vez rematadas as obras obxecto das axudas.

2.—Poderán concederse axudas para obras parciais e circunstanciais en elementos identificados polo órgano municipal competente como desconformes co planeamento vixente, para adaptarlos ao dito planeamento. Nestes supostos, poderá reducirse nun 25% a contía das axudas que lles fosen de aplicación segundo a ordenanza.

ARTIGO 7. CONDICIÓN DAS INMÓBEIS

1.—Os edificios deberán ter, cando menos, un 50% da súa superficie útil destinada a uso de vivenda, existente ou resultante das actuacións de rehabilitación. Exclúense do cómputo as superficies por baixo da rasante e a planta baixa das edificacións, cando non se destinen a vivenda, así como as superficies por debaixo da cuberta destinadas a trasteiros ou faiados.

2.—Non se protexerán actuacións en edificios que carezan de seguridade estrutural e construtiva, de subministración eléctrica e/ou de acaída funcionalidade da rede de saneamento, agás que as obras inclúan as necesarias para a consecución das condicións sinaladas.

3.—As actuacións en vivendas deberán atender prioritariamente á mellora das condicións de habitabilidade relativas a distribución interior, instalacións de auga, electricidade, ventilación, iluminación natural e aireación, illamento térmico, servizos hixiénicos e instalacións de cociña ou doutros servizos de carácter xeral. Non se protexerán obras de acabados cuxa finalidade sexa puramente decorativa. En todo caso, as vivendas deberán localizarse en edificios que reúnan as condicións sinaladas no punto anterior.

Tendo en conta os criterios establecidos nos apartados anteriores deste artigo, deberán tomarse como criterios de preferencia os seguintes aspectos por orden de maior a menor importancia:

- 1º) Menor capacidade económica.
- 2º) Situación real do inmoble en relación coa salubridade edificativa.
- 3º) Antigüedad da edificación.
- 4º) Propiedade de menor número de inmobles.

4.—Non se subvencionarán obras ou partidas de obras iniciadas con anterioridade a realización da primeira visita técnica ao inmóvel por parte dos técnicos do Portelo Único de Vivenda, os cales comprobarán que as obras de rehabilitación solicitadas

non están realizadas con anterioridade ao momento da solicitude.

ARTIGO 8. BENEFICIARIOS

1.—Poderán ser beneficiarios das axudas para a rehabilitación de vivendas, edificios e elementos comúns, os propietarios, arrendatarios ou titulares dalgún dereito de uso sobre as vivendas, cando estas constitúan o seu domicilio habitual e permanente.

No caso dos arrendatarios será requisito imprescindible para adquirir a condición de beneficiarios que teñan autorización da propiedade para acometer obras na devandita vivenda ou edificio que ocupan como arrendatarios, de conformidade co establecido na lexislación aplicables.

2.—Tamén poderán solicitar as axudas os titulares de vivendas desocupadas sempre que a solicitude leve parello o compromiso de ocupalas eles mesmos ou transmitilas ou cedelas a terceiras persoas en arrendamento ou por calquera outro título legalmente admisíbel, sempre que sexa como residencia habitual. Este compromiso terá que se cumplir antes de transcorridos tres meses desde que finalizasen as obras, e quedarán condicionadas as axudas á efectiva ocupación das vivendas no devandito prazo, que poderá ser prorrogado até seis anos por solicitude da persoa interesada cando medie causa xusta.

3.—Poderán ser beneficiarios das axudas para a rehabilitación de edificios os propietarios ou titulares dalgún dereito de uso sobre eles. Será entón de aplicación o disposto sobre a ocupación no apartado 2 deste mesmo artigo, ben se trate de vivendas ben de locais de negocio.

4.—Poderán ser beneficiarios das axudas para a rehabilitación de elementos comúns dos edificios os propietarios ou titulares dalgún dereito de uso sobre estes.

5.—De conformidade co sinalado no artigo 12.1º do Decreto 18/2006, de 26 de xaneiro, nos casos anteriormente sinalados, os beneficiarios das axudas, deberán ocupar as vivendas rehabilitadas no prazo máximo dos tres meses seguintes a súa entrega, salvo que medie xusta causa, sen que se proceda á liquidación da axuda mentres non sexan efectivamente ocupadas.

CAPÍTULO TERCEIRO

PROGRAMAS DE ACTUACIÓN

ARTIGO 9.—PROGRAMAS DE ACTUACIÓN

Son subvencionables as obras que teñan por finalidade solucionar as carencias indicadas no artigo 5.2º desta Ordenanza, e en xeral, todas aquellas encamiñadas a mellorar as condicións de habitabilidade das vivendas e de seguridade estructural e funcionalidade dos edificios, así como calquera

outra prevista na normativa aplicable en cada momento.

ARTIGO 10.—PROGRAMA COMPLEMENTARIO DE ACTUACIONES

1.—Estabelécese un programa complementario de actuacións para tentar dar solución a aqueles casos nos que, existindo unha situación de insolvencia económica por parte dos solicitantes, se pretenda actuar sobre os elementos comúns do edificio ou no acaemento das condicións de habitabilidade das vivendas. Este programa, condicionado á existencia de fondos dispoñibeis e á acreditación da situación de insolvencia, terá por obxecto, pois, aquelas actuacións que, pola súa necesidade, características e urxencia, se estimen como prioritarias.

2.—Será condición sine qua non para acollerse a este programa que se recoñeza a necesidade de acaemento á habitabilidade por parte dos servizos técnicos do Portelo Único de Vivenda.

3.—As axudas irán dirixidas exclusivamente á instalación, adecuación de cociñas e/ou baños, eliminación de humidades, adecuación de pezas habitábeis ou instalacións especiais para o uso de persoas afectadas por minusvalías.

4.—O orzamento protexíbel da actuación será determinado polos servizos técnicos, con independencia do custo real da obra.

5.—Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios das axudas complementarias deste programa todas aquelas unidades familiares que acrediten insolvencia económica para acometer as obras necesarias.

6.—Requisitos:

- Xustificate de ingresos de cada unha das persoas que conviven permanentemente na vivenda.
- Fotocopia da última declaración do IRPF, declaración de patrimonio ou certificado negativo de Facenda.
- Declaración xurada de carecer doutra vivenda dentro do concello de Vilagarcía de Arousa.
- Calquera outro documento que poida solicitarse para os efectos de cualificar a actuación como extraordinaria.

7.—Contía das axudas:

As axudas previstas para a rehabilitación centraranse nos seguintes puntos:

- a) Estabelécese unha subvención a fondo perdi-do do 80% do orzamento protexíbel das obras de rehabilitación que se realicen. Esta subvención pode chegar ao 100%, sempre que exista partida orzamentaria para isto e estea avalado segundo os criterios anteriormente establecidos.

b) Poderase resolver o outorgamento de subvencións por unha contía inferior á sinalada anteriormente.

ARTIGO 11. CONTÍA DAS AXUDAS ECONÓMICAS.

De conformidade co indicado no Real Decreto 801/2005, do 1 de Xullo; e no Decreto 18/2006, de 26 de xaneiro, a contía das axudas serán as establecidas nos artigos 58 e 67 das correspondentes normas.

ARTIGO 12. ORZAMENTO PROTEXÍBEL E PROTEXIDO.

1.—Por orzamento protexíbel entenderase o presupuesto xeral máis o imposto sobre o valor engadido (IVE). O devandito orzamento será o resultado de lle adicionar ao orzamento de execución material o beneficio industrial e os gastos xerais, máis os custos dos honorarios facultativos e de xestión e os tributos satisfeitos por razón das actuacións.

2.—Revisión de prezos:

O Orzamento presentado será revisado segundo a Base de prezos da Xunta de Galicia. Excluiranse mobiliario, elementos decorativos, carpinterías de aluminio e forxados de formigón; agás informe favorable dos técnicos responsables do Portelo Único de Vivenda.

3.—Por Orzamento protexido entenderase:

1. Na rehabilitación de vivendas, o orzamento protexible que corresponde á superficie útil da vivenda obxecto ou resultado da actuación de rehabilitación, podendose estender a unha praza de garaxe e a un rocho cando estean vinculados en proxecto e rexistralmente á vivenda obxecto de rehabilitación.

2. Na rehabilitación de edificios, o orzamento protexible que corresponde á superficie útil total do edificio, incluídos espazos comúns, vivendas e locais comerciais, cando estes participen no custo de ejecución das obras. Poderase incluir no orzamento protexido o custo das obras de adecuación dalgunhas vivendas.

4.—Contia mínima do orzamento protexido por vivenda. Só se considerarán actuacións protexíbeis aquelas que contan cun orzamento protexíbel superior a 2.000 euros por vivenda.

5.—Contia mínima do orzamento protexido por edificio e elementos comúns. Só se considerarán actuacións protexíbeis aquellas en que o orzamento protexido excede 2.000 euros por edificio e 500 euros por vivenda.

CAPÍTULO CUARTO REQUISITOS XERAIS

ARTIGO 13. REQUISITOS XERAIS

1.—Para os efectos de obter as axudas previstas na Ordenanza será necesario que previamente se

xustifique polos interesados que non se atopan incursos nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas nos apartados 2º e 3º do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS). Tal xustificación poderá realizarse mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa e, no seu defecto, mediante declaración responsable outorgada perante unha autoridade administrativa ou notario público.

2. Os beneficiarios deberán cumplir coas obrigas sinaladas con carácter xeral no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións (obrigas dos beneficiarios). Ademais, deberán cumplir tamén os seguintes requisitos específicos:

1º.—As obras contarán coa preceptiva licenza municipal de obras nas que se faga constar a descripción de todas as obras a executar.

2º.—A edificación ou vivenda deberá ter uso residencial unha vez finalizadas as actuacións.

3º.—As obras que teñan por obxecto actuacións sobre os elementos comúns do edificio deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e construtiva co estado de conservación do edificio e das instalacións.

ARTIGO 14. LÍMITES XERAIS DAS AXUDAS

As axudas económicas previstas nesta ordenanza terán as limitacións que a normativa aplicábel previxe e as que estean establecidas no proceso de rehabilitación ou poidan establecerse durante a vixencia dos distintos convenios.

ARTIGO 15. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Estas axudas son compatibeis con calquera outra, desta ou doutras administracións, coas limitacións que se establezan nas distintas normativas reguladoras desoutras axudas, sen que se poida superar, en ningún caso, o 100% do orzamento protexíbel.

CAPÍTULO QUINTO

TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES E PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

ARTIGO 16. NORMAS XERAIS

1.—A iniciación do procedemento realizarase mediante a aprobación da correspondente convocatoria que terá necesariamente o contido indicado no artigo 23.2 da Lei xeral de subvencións.

2.—A instrucción do procedemento corresponderá á os técnicos do Portelo Único de Vivenda, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución. Nos expedientes constará o informe do órgano instructor no que se acredite que, á vista da información disponible, os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.—As propostas de concesión das subvencións formularanse pola Comisión de Xestión do Territorio, tendo en conta os criterios de preferencias señaladas no artigo nº 7.3º desta Ordenanza.

4.—A resolución dos expedientes corresponderá a Xunta de Goberno Local, tras a proposta formulada pola Comisión de Xestión do Territorio.

5.—O órgano competente para realizar as propostas de concesión, á vista do expediente tramitado e dos Informes emitidos polos técnicos do Portelo Único de Vivenda, así como dos que estime oportuno solicitar, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse aos interesados na forma que se estableza na convocatoria, debéndose conceder un prazo de 10 días para a presentación de alegacións, a non ser que se poida prescindir do trámite de audiencia por non figurar no procedemento nin ser tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados.

O Concello de Vilagarcía de Arousa unha vez teña adoptada proposta motivada de cualificación provisional dos expedientes remitiralle a Delegación Provincial da Consellería de Vivenda e Solo as solicitudes, acompañadas da pertinente documentación, para que pola mesma se realice a preceptiva cualificación provisional, a cal se notificará os interesados polo Concello.

6.—Logo de efectivamente executadas as obras, dentro do prazo establecido na cualificación provisional ou na prorroga solicitada dentro do prazo e autorizada, e acreditado polo Portelo Único de Vivenda este extremo e o cumprimento das condicións establecidas, expedirase polos técnicos do Portelo único de Vivenda a correspondente certificación de obra executado, e así mesmo certificado do Secretario/a do Concello de ter sido aprobada dita certificación polo Concello.

Aprobada a certificación polo Concello, e logo dos informes pertinentes, formularase pola Delegación Provincial resolución de cualificación definitiva, que será remitida o Concello para que esto a comunique ao interesado.

7. As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito ningún a favor do beneficiario proposto, frente á Administración, mentres non se notificase a resolución da concesión.

8. Logo de aprobada a proposta de resolución definitiva, o órgano competente resolverá o procedemento de forma motivada. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será o establecido na Lei Xeral Subvencións ou o superior que, se é o caso, se estableza por lei ou norma da UE.

9. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

10. A resolución do procedemento pon fin a vía administrativa e contra a mesma podera interporse os recursos procedentes, e notificarse aos interesados nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

11. Publicaranse no taboleiro de edictos do Concello as subvencións concedidas, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. Ademais de publicarse un extracto da resolución pola que se ordena a publicación, indicarase tamén o lugar onde se atope exposto o seu contido íntegro.

ARTIGO 17. PROCEDEMENTO

1.—As solicitudes de axuda para calquera dos programas de rehabilitación presentaranse en instancia normalizada que se facilitará nas dependencias do Portelo Único de Vivenda, por calquera dos medios establecidos no artigo 38 Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2.—Poderanse presentar durante os prazos de vixencia dos convenios asinados entre o concello de Vilagarcía de Arousa e a Consellería de Vivenda e Solo, sempre que exista consignación orzamentaria para o efecto.

3.—O peticionario/a deberá solicitar, mediante impreso normalizado, unha visita de inspección técnica previa ao inicio das obras subvencionábeis.

Alén diso, deberá achegar a información requiriada e dar a súa conformidade ás obras inspeccionadas para as que se solicitan as axudas. A visita técnica será efectuada polos técnicos da Portelo Único de Vivenda para comprobar o estado da edificación e asesorar ao peticionario/a sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación do inmóvel. Xunto coa solicitude oficial das axudas presentarase toda a documentación necesaria establecida no artigo 18.

4.—Realizada a visita de inspección e o informe que define previamente as obras para realizar, o particular poderá solicitar do Portelo Único de Vivenda, mediante impreso oficial normalizado, a prestación dos servizos de redacción da documentación técnica precisa para a obtención de licenza de obras e a dirección facultativa das obras.

Estas solicitudes de asistencia técnica serán aceptadas, en función dos medios e recursos disponíveis, nos seguintes casos:

- a) De axudas solidarias previstas na disposición adicional terceira.
- b) De promocións tuteladas que o Concello promova segundo o establecido na disposición adicional cuarta.

- c) De interese como obxecto de prácticas de formación que promova a Portelo Único de Vivenda.
- d) De obra menor.
- e) Doutras solicitudes consideradas de interese xeral.

As solicitudes de asistencia técnica aceptadas polos técnicos do Portelo Único de Vivenda serán atendidas por rigorosa orde de rexistro. En todo caso, tanto a redacción de documentación para a obtención de licenza como a dirección facultativa das obras serán realizadas por técnicos con capaci-tación profesional e habilitación legal abondas e axeitadas ás características das obras que se deban acometer. De ser o caso, o Concello establecerá os procedementos de contratación das asistencias técnicas necesarias mediante convocatoria pública.

ARTIGO 18. SOLICITUDE OFICIAL DE AXUDA E DOCUMENTACIÓN

Realizada a visita de inspección e obtida a licenza de obras correspondente, as solicitudes de axudas económicas presentaranse en impreso oficial normalizado, coa achega da seguinte documentación:

1.—Documentación relativa ao solicitante:

- a) Fotocopia do DNI do solicitante e, de ser o caso, do seu representante.
- b) Cando se trate de actuacións nos elementos comúns dos edificios en réxime de propiedade horizontal deberá achegarse certificación do secretario/a da comunidade de propietarios da acta da reunión na que se designou ao seu presidente/a e da acta na que se recolla o acordo de realización das obras. Se non existe comunidade de propietarios legalmente constituída, deberá achegarse un escrito no que conste a conformidade de todos os co-propietarios coa realización das obras.
- c) Documentación acreditativa dos ingresos e da composición familiar: será obrigada esta documentación para a tramitación de todas as axudas reguladas nesta Ordenanza, a no ser que se opte pola contía mínima das axudas.

2.—Documentación acreditativa da titularidade do inmóvel:

- a) Nos supostos de propiedade ou dereito de uso: contrato de compravenda, certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade, escritura de partición do legado hereditario, testamento e certificado de últimas vontades, escritura pública de doazón, ou calquera outra documentación que acredite suficientemente a titularidade do inmóvel.
- b) Nos supostos de arrendamento, e á marxe de que as obras sexan promovidas polo propietario/a ou polo inquilino/a, deberá achegarse, ademais do establecido no punto anterior, fotocopia do contrato de arrendamento e

do convenio entre o propietario/a e o inquilino/a no que se faga constar a descripción das obras e a autorización do propietario/a para realizaras, cando tal autorización sexa legalmente esixíbel e, de ser o caso, a súa repercusión na renda contractual e nas demais condicións pactadas.

3.—Documentación relativa ao destino da vivenda:

- a) Cando o solicitante sexa ou vaia ser residente habitual e permanente da vivenda para rehabilitar, deberá achegar: certificado de empadroamento ou compromiso escrito de destinar a vivenda á súa residencia habitual, e permanente polo menos durante un período de cinco anos dende a aprobación definitiva das axudas solicitadas.
- b) Cando o solicitante non habite na vivenda para rehabilitar; compromiso escrito de destinar a vivenda a residencia familiar habitual e permanente de terceiras persoas no prazo máximo de seis meses e de manter a súa ocupación, cando menos, por cinco anos contados dende a aprobación definitiva das axudas.

4.—Documentación relativa as obras:

- a) No caso de obras maiores será requisito imprescindíbel xuntar anteproxecto das obras que se pretenden levar a cabo.

O proxecto básico e de execución que se presente para a posterior solicitude de licencia de obra maior quedará vinculado ao anteproxecto que se presentou para a solicitude da axuda, sendo causa de perda da axuda o feito de realizar modificacións nos citados documentos técnicos.

- b) De seren obras menores, alomenos, presentará unha descripción das obras que se desexan acometer.

5.—Declaración xurada de todas as subvencións solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas, como as pendentes de resolución das distintas Administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, para as actuacións subvencionables por esta Ordenanza, de acordo co previsto no artigo 14.1.d] da LXS.

6.—Fotografías do estado actual do inmoble.

7.—Certificación da conta bancaria a nome do/s solicitante/s beneficiario/s.

8.—Outros documentos que, se é o caso, resulten necesarios como complemento da documentación anterior.

A presentación da solicitude de subvención implica a aceptación das bases e obrigas establecidas na presente Ordenanza, así como a autorización para acadar os datos en poder das administracións públicas que sexan necesarios para a tramitación da solicitude (certificación expedida polo tesourei-

ro municipal que acrede que se encontran ao día nas súas obrigas fiscais do Concello).

ARTIGO 19. APROBACIÓN INICIAL DAS AXUDAS

1.—Achegada a solicitude e a documentación complementaria que corresponda, e logo dos informes oportunos, a Xunta de Goberno Local, tras a proposta da Comisión de Xestión do Territorio, resolverá sobre a concesión inicial das axudas. Esta aprobación inicial terá a condición de acto de trámite necesario para a obtención das axudas.

2.—Os órganos responsábeis da tramitación dos expedientes comprobarán que estes reúnen todos os requisitos recollidos nestas bases. De non ser así, requirirán ao interesado que, nun prazo de dez días, corrixa o defecto ou achegue os documentos preceptivos, indicándolle que, de non facelo así, de acordo co artigo 71.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, terase por desistido da súa petición, logo da resolución, que deberá dictarse nos termos previstos no artigo 42 da mesma Lei.

3.—Unha vez recibida a comunicación da aprobación inicial, o solicitante deberá colocar no exterior da vivenda ou edificio o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Portelo Único de Vivenda; o cal deberá permanecer ata o cobro total das axudas solicitadas.

ARTIGO 20. SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA.

Os interesados deberán presentar a solicitude de licenza urbanística nun prazo non superior a un mes desde que lles sexa notificado o acordo de concesión provisional da subvención. Se transcorrido dito prazo non se achega a solicitude de licencia ou ben non se atendesen dilixentemente os requisitos municipais para subsanar ou completar a documentación necesaria para a obtención da licenza, quedará sin efecto a axuda provisionalmente concedida e arquivarase o expediente, previo trámite de audiencia ao interesado.

ARTIGO 21. CONTRATACIÓN DAS OBRAS

1.—Os solicitantes poderán contratar as obras coas empresas de construcción que posúan o correspondente documento de cualificación empresarial e cos profesionais competentes que consideren más oportuno.

2.—Deberá constar na Portelo Único de Vivenda o orzamento de execución definitivo, asinado polas partes.

ARTIGO 22. INICIO DAS OBRAS

1.—As obras deberán iniciarse no prazo máximo de dous meses a partir da notificación da aprobación inicial da subvención. O devandito prazo po-

derá prorrogarse polo mesmo prazo, logo de solicitude xustificada. Transcorrido este período sen que comezasen as obras, arquivarase o expediente tras trámite de audiencia ao interesado/a.

2.—O solicitante promotor das obras comunícaralle formalmente ó Portelo Único de Vivenda a data do comezo das obras, o prazo de execución, as empresas que interveñen e o importe do orzamento de obras de cada empresa, de forma que poida quedar constancia deses datos.

3.—O promotor terá a obriga de manter colocado o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Portelo Único de Vivenda durante a execución das obras e até o cobro total das axudas solicitadas.

ARTIGO 23. EXECUCIÓN DAS OBRAS

1.—As obras deberán executarse no prazo máximo establecido no acordo de concesión inicial das axudas. Este prazo poderá ser prorrogado por proposta do Portelo Único de Vivenda, previa autorización da Delegación Provincial da Consellería de Vivenda e Solo, se así o demanda o promotor solicitante das axudas, dentro do prazo inicialmente concedido, e media causa xustificada. A prórroga só se concederá unha vez e non poderá exceder a súa duración do tempo prescrito para o prazo orixinal.

2.—A interrupción das obras por un prazo superior aos tres meses sen causa xustificada producirá a caducidade das axudas inicialmente concedidas.

3.—As obras deberán axustarse ás prescripcións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas, non admitíndose máis modificacións na súa execución que as autorizadas polo Portelo Único de Vivenda que, en todo caso, deberán estar amparadas pola correspondente licenza urbanística.

4.—O Portelo Único de Vivenda prestará o seu asesoramento técnico na execución das obras e poderá, en todo o caso, supervisar de oficio as obras sempre que o considere oportuno, co obxecto de comprobar a súa correcta execución e o cumprimento das condicións ás que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

5.—Coa finalidade de garantir o axeitado seguimento das obras, a solución de posíbeis incidencias e a coordinación entre o solicitante das axudas, o Portelo Único de Vivenda e as empresas executoras das obras, nomearase un representante único encargado da coordinación co técnico da Oficina encargado do seguimiento.

ARTIGO 24. REMATE DAS OBRAS

1.—Finalizadas as obras tramitarase a aprobación definitiva da axuda logo da presentación da documentación redactada polo seu técnico director e as facturas correspondentes, co fin de que os servizos técnicos da Portelo Único de Vivenda redac-

ten o correspondente informe no que se fará constar, cando menos, as datas de inicio e finalización das obras e o seu custo final, así como o cumprimento das condicións ás que estean sometidas as actuacións.

2.—En obras que precisen licenza de primeira ocupación, o outorgamento desta será imprescindible para continuar co trámite de aprobación definitiva das axudas,

ARTIGO 25. APROBACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS E CRITERIO DE OUTORGAMENTO

1.—A partir da elaboración do informe de final de obra ou, de ser o caso, desde que se acredeite o cumprimento das condicións sinaladas na aprobación inicial, o Portelo Único de Vivenda someterá o expediente ao órgano municipal correspondente para que este resolva sobre a aprobación definitiva das axudas.

2.—O criterio para outorgar as axudas será a data da presentación da solicitude de outorgamento definitivo, coa documentación completa.

3.—De acordo previamente entre as partes o beneficiario das axudas, poderá autorizar, mediante a tramitación do correspondente endoso e procedemento establecido, a percepción do importe da subvención por parte da empresa adxudicataria das obras.

ARTIGO 26. PAGAMENTO DAS AXUDAS

As axudas concedidas inicial e definitivamente serán aboadas unha vez que certifique o Concello a finalización das obras e que a Consellería de Vivenda e Solo emita o documento de cualificación definitiva.

ARTIGO 27. CAUSAS DE DENEGACIÓN E PERDA DAS AXUDAS

As axudas poderán ser denegadas ou canceladas polas seguintes causas:

- a) Non reunir as condicións esixidas por esta ordenanza, relativas aos solicitantes ou aos inmóbeis para rehabilitar.
- b) A realización de obras non previstas no proxecto e que non estean autorizadas pola Portelo Único de Vivenda nin amparadas por licenza urbanística.
- c) A grave incorrección técnico-construtiva das obras, apreciada pola Portelo Único de Vivenda e constatada no proxecto ou na súa execución.
- d) A non execución de obras previstas inicialmente que teñan incidencia nas condicións de habitabilidade a respecto do estado previo do inmóvel.
- e) Iniciar as obras sen dar conta á Portelo Único de Vivenda.

f) Incumprir os prazos sinalados na aprobación inicial ou nas prórrogas concedidas, así como as condicións relativas á ocupación das vivendas.

g) O impedimento ou obstaculización do acceso ás obras aos técnicos da Portelo Único de Vivenda por parte do promotor ou do contratista.

ARTIGO 28. REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS

1.—Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos e co procedemento que se establecen nos artigos 37 e ss. da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

2.—Por infracción urbanística: A comisión dunha infracción urbanística tipificada como grave ou moi grave nos inmóbeis obxecto das axudas por parte dos seus beneficiarios/as, no prazo de cinco anos dende a súa aprobación definitiva, determinará a obriga de devolver o importe das subvencións percibidas cos intereses que correspondan, sen prexuízo das sancións que se lles puidesen impor.

3.—Pola execución de obras de calquera tipo sen contar coa preceptiva licenza, no prazo de cinco anos dende a aprobación definitiva.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

PRIMEIRA. OUTROS CONVENIOS

Mediante convocatorias específicas poderán establecerse liñas de axudas para actuacións de rehabilitación de inmóbeis destinados a usos de interese público, social ou cultural, logo do correspondente convenio que han establecer o Concello e os promotores das actuacións, no que se determinará en cada caso a contía das subvencións e demás condicións das axudas.

SEGUNDA. PROMOCIÓN TUTELADAS

1.—O Concello, por si mesmo ou en convenio con outras institucións e organismos públicos, poderá promover e desenvolver actuacións de rehabilitación destinadas ao aloxamento en aluguer de vivendas e/ou locais en edificios de particulares e institucións mediante cesión de uso e aproveitamento deles, establecido mediante convenio cos propietarios, co fin de recuperar o investimento realizado no edificio rehabilitado.

2.—Para o cálculo do período de cesión do edificio consideraranse a superficie útil cedida, a situación do edificio, o importe das obras nel realizadas e o orzamento total, suma dos gastos orixinados pola actuación, que deberá ser amortizado mediante o aluguer das súas partes.

3.—A dispoñibilidade e selección dos inmóbeis serán establecidas mediante convocatoria pública,

ao igual que a oferta de aluguer das vivendas ou locais.

CUARTA.—MUDAS A LOCAIS COMERCIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Mediante convocatorias específicas poderanse establecer liñas de axudas para a mellora e actualización dos locais de comercio e outras actividades económicas.

DISPOSICIÓN FINAL

Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta ordenanza entrará en vigor aos quince (15) días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e rexerá en tanto non se acorde súa modificación ou derogación.

Vilagarcía de Arousa, 13 de novembro de 2007.—
A Alcadesa, Dolores García Giménez. **2007010974**

MANCOMUNIDADE DO SALNÉS

Anuncio para a contratación de suministro

1. *Entidade adxudicadora:* Mancomunidade de O Salnés.

Obxeto do contrato: “Subministro de Pantallas Táctiles e desenvolvemento dunha Aplicación Software para Sistema de Señalización Interactiva”, finanziado en un 75% con fondos FEDER.

2. *Prazo de execución:* 3 meses.

3. *Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:* concurso polo procedemento aberto e tramitación: ordinaria.

4. *Orzamento:* Prezo base de licitación: 52.000

5. *Garantías:* Provisional: O 2% do prezo de licitación do contrato. Definitiva: O 4% do prezo de licitación do contrato.

6. *Obtención de documentación e información.*
Entidade: Mancomunidade de O Salnés. Rúa Nova nº 4 36630 Cambados. Teléfono: 986 521 115. Fax: 986 526 092.

7. *Presentación de ofertas:* Prazo: 15 días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación do último anuncio de licitación no BOP ou Diario Oficial de Galicia, das 9 ás 14.00 horas. No caso de que coincida sábado o día de finalización do prazo, este quedaría prorrogado automáticamente para o seguinte día hábil. Lugar: Rexistro da Mancomunidade de O Salnés no domicilio anterior. Documentación: a exixida no prego de condicións.

8. *Apertura de ofertas:* Lugar: Oficina da Mancomunidade de O Salnés no domicilio anterior. Data e hora: Sobre B - o quinto día hábil ó segu-

te da finalización do prazo de presentación de propostas ás 13.00 horas.

Gastos: Os derivados da publicación dos anuncios de licitación serán por conta do adxudicatario.

Cambados 23 novembro do 2007.—O Presidente da Mancomunidade de O Salnés, Jorge Domínguez Rosal. **2007011649**

Audiencia Provincial

PONTEVEDRA

E D I C T O

Doña María Jesús Prieto Toranzo, Secretaria de la Sección Primera de la Audiencia Provincial de Pontevedra.

Certifico: Que en el rollo civil 592/07, dimanante del procedimiento ordinario 252/2004, ha recaído sentencia del tenor literal siguiente:

Visto en grado de apelación ante esta Sección 001 de la Audiencia Provincial de pontevedra, los autos de procedimiento ordinario 252/04, procedentes del Juzgado de Primera Instancia núm. 4 de Pontevedra, a los que ha correspondido el Rollo núm. 592/07, en los que aparece como parte apelante-demandado: D. Manuel González Gesteiro, representado por el procurador Dª Isabel Sanjuán Fernández y asistido por el Letrado D. Alberto Pujado Ramos, y como parte apelado-demandante: D. José Luis Cayo Iglesias, Dª María Dolores Rascado Barcala, representado por el Procurador D. Antonio D. Rivas Gandásegui, y asistido por el Letrado Dª María Teresa Pazos Currás, demandada: María Esther Araújo Ogando en rebeldía, y siendo Magistrado Ponente el Ilmo. Sr. D. Francisco Javier Menéndez Estébanez, quien expresa el parecer de la Sala.

(Siguen antecedentes de hecho y fundamentos jurídicos.)

Fallo: Que debemos desestimar y desestimamos el recurso de apelación interpuesto por la representación procesal de D. Manuel González Gesteiro contra la sentencia dictada por el Juzgado de Primera Instancia 4 Pontevedra en fecha 4 abril 2006 en el juicio ordinario nº 252/04, confirmándose la misma, con imposición de las costas de esta alzada a la parte apelante.

Siguen las rúbricas. Certifico.

Lo inserto concuerda bien y fielmente con su original al que me remito en caso necesario, para que así conste y se remita al Boletín Oficial de la Provincia, para que sirva de notificación a Dª María Esther Araújo Ogando, extiendo y firmo el presente testimonio en Pontevedra, a 23 de outubro de 2007.—La Secretaria, María Jesús Prieto Toranzo. **2007011637**